En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30850** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia en relación coas declaracións de carácter machista dun profesor da Universidade de Santiago de Compostela, as medidas adoptadas para o cumprimento no ámbito universitario do artigo 15 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, así como as previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“As universidades son entidades que pertencen ao sector público institucional (art. 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público) e ás que a Constitución recoñece autonomía (artigo 27.10)

As tres Universidades de Galicia contan coas súas respectivas oficinas de igualdade e plans de igualdade, así como protocolos contra o acoso sexual.

Polo que atinxe ás actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación ao caso particular que refire a pregunta, a Secretaría Xeral de Igualdade púxose en contacto coa Universidade de Santiago de Compostela por medio de dúas vías distintas co obxectivo de coñecer -dentro do máximo respecto á autonomía universitaria- ás accións que tiña previsto levar a cabo a institución educativa ante este asunto.

En canto á formación, desde o ano 2014 a Escola Galega de Administración Pública ofrece formación ao persoal de administración e servizos (PAS) das tres universidades galegas. Grazas a esta medida, o colectivo accede tanto a un programa exclusivo deseñado tendo en conta as súas necesidades específicas como a outra formación de tipo xeral programada pola Escola.



En concreto, en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero a EGAP está a ofertar unha formación específica, ampla e de calidade co obxectivo de contribuír ao progreso e ao benestar do conxunto da sociedade galega, centrándose en conseguir un maior impacto e eficacia da acción pública en prol da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Como consecuencia do anterior en 2018 a EGAP convocou para o PAS das universidades galegas un curso específico de 20 horas titulado 'Formación básica en xénero e igualdade nas administracións públicas'. Ademais, este persoal tamén tivo acceso ao programa de autoformación da Escola a través do cal puido acceder, sen restrición de tempo ou número de prazas, aos títulos 'Formación básica en xénero e igualdade nas administracións públicas' e 'Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública'.

Para 2019 a EGAP, dentro do seu Plan de formación, estableceu como un dos seus eixes de acción o reforzo da formación relativa a igualdade e violencia de xénero. En consecuencia o PAS terá acceso a un amplo programa formativo composto polos seguintes títulos: Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas; Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública; Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero; Sexting, sextorsión, violencia de xénero dixital e control machista; Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero; o Enfoque de xénero no deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos; e Coeducación emocional: A educación emocional como ferramenta para promover a Igualdade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 2 de 2



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:44:01**  
**Nº Rexistro: 44540**  
Data envío: 24/01/2019 13:44:01.135

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:43:57**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 22499** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego en relación co financiamento dunha campaña primaveral con trampeo masivo de prevención e loita contra a avessa velutina e a implicación que van ter as consellerías de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e do Medio Rural, así como o asinamento coas universidades galegas dalgún novo convenio en materia de investigación ao respecto”**, (publicada no BOPG número 242 do 18 de xaneiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2018 a Xunta de Galicia eliminou ou neutralizou un total de 24.298 niños. Por parte da Consellería do Medio Rural só no 2018 repartíronse 2.467 trampas e 5.404 botes de líquido atraente de 500 ml e 40.782 monodoses de atraente. Este material repartíuse aos apicultores a través das Oficinas Agrarias Comarcais. Repartíronse trampas e/ou líquido atraente á totalidade dos apicultores de todos os concellos nos que se detectaran niños na temporada anterior. Este reparto fíxose seguindo as recomendacións da estratexia nacional de erradicación e control da vespa velutina, que vai en función do número de colmeas.

A Consellería do Medio Rural apoia ao sector apícola a través dunha orde de axudas específica que ten como obxectivo mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura. Entre as liñas que se subvencionan están a loita contra as





agresións e enfermidades da colmea. Este ano a contía para ditas achegas elévase aos 600.000 euros.

Tamén se apoia economicamente a actividade da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, habilitando axudas para explotacións agrarias (onde están incluídas as apícolas) e entregando gratuitamente trampas aos apicultores.

O Plan de vixilancia e control da vespa velutina comezou no 2016 co obxectivo de optimizar recursos e actuar máis rapidamente en caso de alerta dun niño. A Consellería do Medio Rural xa desde o ano 2014 comezou a traballar da man dos apicultores para protexer as súas colmeas.

Dende o 2015 realízanse cursos de formación para todo o persoal interveniente no operativo (protección civil, GES, bombeiros, persoal municipal, servizos veterinarios oficiais e de explotacións agrarias, dos servizos e distritos forestais da Consellería do Medio Rural e persoal dos distritos ambientais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda). Así mesmo, a Xunta de Galicia realiza unha ampla campaña de información entre a cidadanía mediante folletos e carteis informativos que foron enviados a todos os Centros de Atención Primaria, a todas as Oficinas Comarcais de Medio Rural, Distritos Forestais e de Medio Ambiente, unidades de Emerxencias e a todas as asociacións apícolas. Ademais, a Consellería do Medio Rural distribuíu, en encartes realizados na prensa escrita das zonas afectadas, máis folletos destinados a informar á poboación.

En canto á investigación sobre esta especie, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, participa como socio do proxecto europeo INTERREG SUDOE 'POSITIVE'.

Este proxecto cunha duración de tres anos (2018-2021) e no que participan, como socios do partenariado, as Universidades de Santiago de Compostela e Vigo así como o Instituto Vasco de Investigación e Desenvolvemento Agrario-NEIKER, o Instituto Nacional de Investigación Agrária e Veterinária, IP (Portugal), a Universidade de Trás-os-montes e Alto Douro (Portugal) e o Institut National de la Recherche Agronomique (Francia) ten por obxectivo contribuír á preservación dos servizos de polinización a través de desenvolvemento de métodos conxuntos para o control de *Vespa velutina*.





O aspecto chave é o seu enfoque transnacional, fundamental para o control efectivo desta especie, xa que facilita a análise e a integración da información en todo o espazo SUDOE, asegurando o desenvolvemento de ferramentas adecuadas.

Ademais, púxose en marcha un proxecto de investigación, no que participan as Universidades de Santiago e Vigo, que permitirá coñecer novos métodos para o control e a redución dos efectos da vespa velutina na biodiversidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/01/2019 11:39:57**  
**Nº Rexistro: 44188**  
Data envío: 21/01/2019 11:39:57.020

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 11:39:53**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24543** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“a adquisición polo Goberno galego do material suficiente para iniciar no mes de febreiro de 2018 o trampeo masivo contra a avespa velutina e as súas previsións en relación coa posta en marcha dunha campaña informativa e divulgativa ao respecto e a consignación dunha partida orzamentaria suficiente para profundar na investigación e erradicar esa especie, así como o establecemento de axudas directas para afrontar os danos causados á poboación apícola”**, (publicada no BOPG número 256 do 8 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2018 a Xunta de Galicia eliminou ou neutralizou un total de 24.298 niños. Por parte da Consellería do Medio Rural só no 2018 repartíronse 2.467 trampas e 5.404 botes de líquido atraente de 500 ml e 40.782 monodoses de atraente. Este material repartíuse aos apicultores a través das Oficinas Agrarias Comarcais. Repartíronse trampas e/ou líquido atraente á totalidade dos apicultores de todos os concellos nos que se detectaran niños na temporada anterior. Este reparto fíxose seguindo as recomendacións da estratexia nacional de erradicación e control da vespa velutina, que vai en función do número de colmeas.

A Consellería do Medio Rural apoia ao sector apícola a través dunha orde de axudas específica que ten como obxectivo mellorar a produción e comercialización dos



produtos da apicultura. Entre as liñas que se subvencionan están a loita contra as agresións e enfermidades da colmea. Este ano a contía para ditas achegas elévase aos 600.000 euros.

Tamén se apoia economicamente a actividade da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, habilitando axudas para explotacións agrarias (onde están incluídas as apícolas) e entregando gratuitamente trampas aos apicultores.

O Plan de vixilancia e control da vespa velutina comezou no 2016 co obxectivo de optimizar recursos e actuar máis rapidamente en caso de alerta dun niño. A Consellería do Medio Rural xa desde o ano 2014 comezou a traballar da man dos apicultores para protexer as súas colmeas.

Dende o 2015 realízanse cursos de formación para todo o persoal interviniente no operativo (protección civil, GES, bombeiros, persoal municipal, servizos veterinarios oficiais e de explotacións agrarias, dos servizos e distritos forestais da Consellería do Medio Rural e persoal dos distritos ambientais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda). Así mesmo, a Xunta de Galicia realiza unha ampla campaña de información entre a cidadanía mediante folletos e carteis informativos que foron enviados a todos os Centros de Atención Primaria, a todas as Oficinas Comarcais de Medio Rural, Distritos Forestais e de Medio Ambiente, unidades de Emerxencias e a todas as asociacións apícolas. Ademais, a Consellería do Medio Rural distribuíu, en encartes realizados na prensa escrita das zonas afectadas, máis folletos destinados a informar á poboación.

En canto á investigación sobre esta especie, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, participa como socio do proxecto europeo INTERREG SUDOE 'POSITIVE'.

Este proxecto cunha duración de tres anos (2018-2021) e no que participan, como socios do partenariado, as Universidades de Santiago de Compostela e Vigo así como o Instituto Vasco de Investigación e Desenvolvemento Agrario-NEIKER, o Instituto Nacional de Investigación Agrária e Veterinária, IP (Portugal), a Universidade de Trás-os-montes e Alto Douro (Portugal) e o Institut National de la Recherche Agronomique





(Francia) ten por obxectivo contribuír á preservación dos servizos de polinización a través de desenvolvemento de métodos conxuntos para o control de *Vespa velutina*.

O aspecto chave é o seu enfoque transnacional, fundamental para o control efectivo desta especie, xa que facilita a análise e a integración da información en todo o espazo SUDOE, asegurando o desenvolvemento de ferramentas adecuadas.

Ademais, púxose en marcha un proxecto de investigación, no que participan as Universidades de Santiago e Vigo, que permitirá coñecer novos métodos para o control e a redución dos efectos da vespa velutina na biodiversidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/01/2019 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 44155**  
Data envío: 21/01/2019 09:20:08.762

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:20:05**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 27809** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para evitar os riscos que presentan para as persoas as arpas de elaboración caseira que están a utilizar os apicultores como sistema de loita contra a vespa velutina, así como os datos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 280 do 21 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2018 a Xunta de Galicia eliminou ou neutralizou un total de 24.298 niños. Por parte da Consellería do Medio Rural só no 2018 repartíronse 2.467 trampas e 5.404 botes de líquido atraente de 500 ml e 40.782 monodoses de atraente. Este material repartíuse aos apicultores a través das Oficinas Agrarias Comarcais. Repartíronse trampas e/ou líquido atraente á totalidade dos apicultores de todos os concellos nos que se detectaran niños na temporada anterior. Este reparto fíxose seguindo as recomendacións da estratexia nacional de erradicación e control da vespa velutina, que vai en función do número de colmeas.

A Consellería do Medio Rural apoia ao sector apícola a través dunha orde de axudas específica que ten como obxectivo mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura. Entre as liñas que se subvencionan están a loita contra as agresións e enfermidades da colmea. Este ano a contía para ditas achegas elévase aos 600.000 euros.





Tamén se apoia economicamente a actividade da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, habilitando axudas para explotacións agrarias (onde están incluídas as apícolas) e entregando gratuitamente trampas aos apicultores.

O Plan de vixilancia e control da vespa velutina comezou no 2016 co obxectivo de optimizar recursos e actuar máis rapidamente en caso de alerta dun niño. A Consellería do Medio Rural xa desde o ano 2014 comezou a traballar da man dos apicultores para protexer as súas colmeas.

Dende o 2015 realízanse cursos de formación para todo o persoal interveniente no operativo (protección civil, GES, bombeiros, persoal municipal, servizos veterinarios oficiais e de explotacións agrarias, dos servizos e distritos forestais da Consellería do Medio Rural e persoal dos distritos ambientais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda). Así mesmo, a Xunta de Galicia realiza unha ampla campaña de información entre a cidadanía mediante folletos e carteis informativos que foron enviados a todos os Centros de Atención Primaria, a todas as Oficinas Comarcais de Medio Rural, Distritos Forestais e de Medio Ambiente, unidades de Emerxencias e a todas as asociacións apícolas. Ademais, a Consellería do Medio Rural distribuíu, en encartes realizados na prensa escrita das zonas afectadas, máis folletos destinados a informar á poboación.

En canto á investigación sobre esta especie, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, participa como socio do proxecto europeo INTERREG SUDOE 'POSITIVE'.

Este proxecto cunha duración de tres anos (2018-2021) e no que participan, como socios do partenariado, as Universidades de Santiago de Compostela e Vigo así como o Instituto Vasco de Investigación e Desenvolvemento Agrario-NEIKER, o Instituto Nacional de Investigación Agraria e Veterinaria, IP (Portugal), a Universidade de Trás-os-montes e Alto Douro (Portugal) e o Institut National de la Recherche Agronomique (Francia) ten por obxectivo contribuír á preservación dos servizos de polinización a través de desenvolvemento de métodos conxuntos para o control de *Vespa velutina*.

O aspecto chave é o seu enfoque transnacional, fundamental para o control efectivo





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/01/2019 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 44157**  
Data envío: 21/01/2019 09:20:48.997

desta especie, xa que facilita a análise e a integración da información en todo o espazo SUDOE, asegurando o desenvolvemento de ferramentas adecuadas.

Ademais, púxose en marcha un proxecto de investigación, no que participan as Universidades de Santiago e Vigo, que permitirá coñecer novos métodos para o control e a redución dos efectos da vespa velutina na biodiversidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**

páxina 3 de 3



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/01/2019 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 44157**  
Data envío: 21/01/2019 09:20:48.997

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:20:41**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 24482** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa necesidade de traballar para mellorar a situación de maior vulnerabilidade da muller no ámbito rural e atender as súas singularidades”**, (publicada no BOPG número 255 do 7 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego está a traballar para mellorar a situación das mulleres que viven nos contornos rurais, fomentar a súa visibilidade e impulsar unha igualdade real de oportunidades en materia de acceso e condicións de emprego. Tamén traballa para impulsar a súa capacidade para emprender e promover condicións que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral nun escenario de corresponsabilidade entre mulleres e homes.

Entre outras iniciativas, no seo do Consello Galego das Mulleres aprobouse un informe da Comisión Muller Rural. Na elaboración do mesmo participaron, ademais da Xunta, a Fegamp e catro sindicatos galegos, asociacións que conforman o Consello Galego das Mulleres, varias delas representantes da muller rural. O estudo está dispoñible na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

Ademais deste estudo, no VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 recóllense distintos obxectivos relacionados coa muller rural, como o desenvolvemento profesional das mulleres rurais; o fortalecemento do movemento asociativo feminino e do liderado e a participación das mulleres nas estruturas asociativas; a redución da fenda dixital de xénero nas tecnoloxías da información e a comunicación, con especial incidencia no ámbito rural; e o apoio ao empoderamento das mulleres rurais e a súa incorporación ás estruturas de decisión.

En liña con estes obxectivos, a Secretaría Xeral da Igualdade colabora e participa desde 2013 con AGACA (Asociación Galega de Cooperativas Agrarias) nas xornadas formativas para mulleres do medio rural de ‘Emprendemento e Fomento do Liderado das Mulleres nos órganos de Decisión das Cooperativas Agroalimentarias de Galicia’ e ‘Atrévete contigo mesma’. Do



mesmo xeito, en 2017 tamén colaborou coas xornadas de empoderamento da muller rural organizadas por Cooperativas Lácteas Unidas (CLUN) a través de 'Mulleres de Seu'. Posteriormente, este mesmo ano, asinouse con CLUN un convenio de colaboración para dar visibilidade ás actuacións que organiza a cooperativa no marco deste proxecto, dirixido ao empoderamento e desenvolvemento profesional das mulleres.

Ademais, anualmente a Secretaria Xeral da Igualdade convoca unha orde axudas e subvencións para entidades de iniciativa social dirixidas a mulleres en situación de vulnerabilidade, e son varias as asociacións específicas de mulleres rurais que presentan programas específicos e que se financian dende o Goberno galego. No Diario Oficial de Galicia (DOG) poden consultarse as entidades, programas e financiamento dos últimos anos.

A Administración autonómica apoia tamén a constitución e o funcionamento dos Centros de Información á Muller (CIM), recursos fundamentais no ámbito local e especialmente no rural. Actualmente en Galicia están acreditados 81 CIM. De feito, os últimos centros en acreditarse foron todos en concellos rurais: o de Mos e o da Mancomunidade de Conso Frietas (Riós, Vilariño de Conso, A Mezquita y A Gudiña). A todas estas medidas hai que engadir as recentemente anunciadas pola Xunta de Galicia no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Entre as medidas, inclúese a elaboración dun estudo específico sobre a percepción da violencia de xénero no medio rural galego co obxectivo de incrementar o coñecemento sobre a incidencia e as características da violencia de xénero neste ámbito. Na mesma liña de traballo, este ano tamén se asinou un convenio de colaboración coas Federacións de Mulleres Rurais existentes en Galicia para a sensibilización e prevención da violencia de xénero e apoio ás vítimas no medio rural."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:45:55**  
**Nº Rexistro: 44551**  
Data envío: 24/01/2019 13:45:55.338

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:45:51**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27248** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para eliminar a avésa velutina no medio rural”**, (publicada no BOPG número 276 do 14 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2018 a Xunta de Galicia eliminou ou neutralizou un total de 24.298 niños. Por parte da Consellería do Medio Rural só no 2018 repartíronse 2.467 trampas e 5.404 botes de líquido atraente de 500 ml e 40.782 monodoses de atraente. Este material repartíuse aos apicultores a través das Oficinas Agrarias Comarcais. Repartíronse trampas e/ou líquido atraente á totalidade dos apicultores de todos os concellos nos que se detectaran niños na temporada anterior. Este reparto fíxose seguindo as recomendacións da estratexia nacional de erradicación e control da vespa velutina, que vai en función do número de colmeas.

A Consellería do Medio Rural apoia ao sector apícola a través dunha orde de axudas específica que ten como obxectivo mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura. Entre as liñas que se subvencionan están a loita contra as agresións e enfermidades da colmea. Este ano a contía para ditas achegas elévase aos 600.000 euros.

Tamén se apoia economicamente a actividade da Indicación Xeográfica Protexida Mel



de Galicia, habilitando axudas para explotacións agrarias (onde están incluídas as apícolas) e entregando gratuitamente trampas aos apicultores.

O Plan de vixilancia e control da vespa velutina comezou no 2016 co obxectivo de optimizar recursos e actuar máis rapidamente en caso de alerta dun niño. A Consellería do Medio Rural xa desde o ano 2014 comezou a traballar da man dos apicultores para protexer as súas colmeas.

Dende o 2015 realízanse cursos de formación para todo o persoal interviniente no operativo (protección civil, GES, bombeiros, persoal municipal, servizos veterinarios oficiais e de explotacións agrarias, dos servizos e distritos forestais da Consellería do Medio Rural e persoal dos distritos ambientais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda). Así mesmo, a Xunta de Galicia realiza unha ampla campaña de información entre a cidadanía mediante folletos e carteis informativos que foron enviados a todos os Centros de Atención Primaria, a todas as Oficinas Comarcais de Medio Rural, Distritos Forestais e de Medio Ambiente, unidades de Emerxencias e a todas as asociacións apícolas. Ademais, a Consellería do Medio Rural distribuíu, en encartes realizados na prensa escrita das zonas afectadas, máis folletos destinados a informar á poboación.

En canto á investigación sobre esta especie, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, participa como socio do proxecto europeo INTERREG SUDOE 'POSITIVE'.

Este proxecto cunha duración de tres anos (2018-2021) e no que participan, como socios do partenariado, as Universidades de Santiago de Compostela e Vigo así como o Instituto Vasco de Investigación e Desenvolvemento Agrario-NEIKER, o Instituto Nacional de Investigación Agraria e Veterinaria, IP (Portugal), a Universidade de Trás-os-montes e Alto Douro (Portugal) e o Institut National de la Recherche Agronomique (Francia) ten por obxectivo contribuír á preservación dos servizos de polinización a través de desenvolvemento de métodos conxuntos para o control de *Vespa velutina*.

O aspecto chave é o seu enfoque transnacional, fundamental para o control efectivo







desta especie, xa que facilita a análise e a integración da información en todo o espazo SUDOE, asegurando o desenvolvemento de ferramentas adecuadas.

Ademais, púxose en marcha un proxecto de investigación, no que participan as Universidades de Santiago e Vigo, que permitirá coñecer novos métodos para o control e a redución dos efectos da vespa velutina na biodiversidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/01/2019 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 44154**  
Data envío: 21/01/2019 09:19:59.841

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:19:56**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 27810** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“os datos da Xunta de Galicia referidos á cantidade de arpas de elaboración caseira que están a funcionar en Galicia como sistema de loita contra a avessa velutina”**, (publicada no BOPG número 280 do 21 de marzo de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2018 a Xunta de Galicia eliminou ou neutralizou un total de 24.298 niños. Por parte da Consellería do Medio Rural só no 2018 repartíronse 2.467 trampas e 5.404 botes de líquido atraente de 500 ml e 40.782 monodoses de atraente. Este material repartiuse aos apicultores a través das Oficinas Agrarias Comarcais. Repartíronse trampas e/ou líquido atraente á totalidade dos apicultores de todos os concellos nos que se detectaran niños na temporada anterior. Este reparto fíxose seguindo as recomendacións da estratexia nacional de erradicación e control da vespa velutina, que vai en función do número de colmeas.

A Consellería do Medio Rural apoia ao sector apícola a través dunha orde de axudas específica que ten como obxectivo mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura. Entre as liñas que se subvencionan están a loita contra as agresións e enfermidades da colmea. Este ano a contía para ditas achegas elévase aos 600.000 euros.



Tamén se apoia economicamente a actividade da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, habilitando axudas para explotacións agrarias (onde están incluídas as apícolas) e entregando gratuitamente trampas aos apicultores.

O Plan de vixilancia e control da vespa velutina comezou no 2016 co obxectivo de optimizar recursos e actuar máis rapidamente en caso de alerta dun niño. A Consellería do Medio Rural xa desde o ano 2014 comezou a traballar da man dos apicultores para protexer as súas colmeas.

Dende o 2015 realízanse cursos de formación para todo o persoal interviniente no operativo (protección civil, GES, bombeiros, persoal municipal, servizos veterinarios oficiais e de explotacións agrarias, dos servizos e distritos forestais da Consellería do Medio Rural e persoal dos distritos ambientais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda). Así mesmo, a Xunta de Galicia realiza unha ampla campaña de información entre a cidadanía mediante folletos e carteis informativos que foron enviados a todos os Centros de Atención Primaria, a todas as Oficinas Comarcais de Medio Rural, Distritos Forestais e de Medio Ambiente, unidades de Emerxencias e a todas as asociacións apícolas. Ademais, a Consellería do Medio Rural distribuíu, en encartes realizados na prensa escrita das zonas afectadas, máis folletos destinados a informar á poboación.

En canto á investigación sobre esta especie, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, participa como socio do proxecto europeo INTERREG SUDOE 'POSITIVE'.

Este proxecto cunha duración de tres anos (2018-2021) e no que participan, como socios do partenariado, as Universidades de Santiago de Compostela e Vigo así como o Instituto Vasco de Investigación e Desenvolvemento Agrario-NEIKER, o Instituto Nacional de Investigación Agrária e Veterinária, IP (Portugal), a Universidade de Trás-os-montes e Alto Douro (Portugal) e o Institut National de la Recherche Agronomique (Francia) ten por obxectivo contribuír á preservación dos servizos de polinización a través de desenvolvemento de métodos conxuntos para o control de *Vespa velutina*.

O aspecto chave é o seu enfoque transnacional, fundamental para o control efectivo





desta especie, xa que facilita a análise e a integración da información en todo o espazo SUDOE, asegurando o desenvolvemento de ferramentas adecuadas.

Ademais, púxose en marcha un proxecto de investigación, no que participan as Universidades de Santiago e Vigo, que permitirá coñecer novos métodos para o control e a redución dos efectos da vespa velutina na biodiversidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/01/2019 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 44153**  
Data envío: 21/01/2019 09:19:44.700

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:19:42**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 29892** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da viabilidade da aplicación da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de benestar e protección dos animais de compañía en Galicia”**, (publicada no BOPG número 299 do 3 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“As leis aprobadas polo Parlamento de Galicia deben ser aplicadas a partir da súa entrada en vigor efectiva. Neste caso, a norma referida leva sendo xa aplicada na comunidade autónoma desde o 11 de xaneiro de 2018. No ámbito de aplicación desta lei, os concellos, como parte das administracións con competencias en materia de protección animal en Galicia deben asumir estas, de acordo co establecido no propio texto aprobado no Parlamento, como non podería ser doutro xeito, e en continuidade co establecido na Lei 1/93, do 13 de abril.

Debe contextualizarse que as axudas contidas na orde referida comprenden os gastos subvencionables efectivamente realizados no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de agosto de 2018, polo que o crédito destinado debe entenderse como suficiente, no ámbito do citado marco temporal e os gastos que se consideran subvencionables.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:45:38**  
**Nº Rexistro: 44549**  
Data envío: 24/01/2019 13:45:38.635

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:45:33**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30287** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas específicas deseñadas ou que vai deseñar o Goberno galego para eliminar as agresións sexuais”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no Pleno do 10 de xullo de 2018 no debate da iniciativa con número de rexistro 30285, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?  
part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=4070](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=4070)

Na devandita sesión, o Goberno informou, entre outras cuestións, de que xa está traballando en atender ás vítimas da violencia de xénero e da violencia sexual e dos recursos dispoñibles. Tamén sinalou que se buscará seguir mellorando os protocolos de actuación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:44:55**  
**Nº Rexistro: 44545**  
Data envío: 24/01/2019 13:44:55.760

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:44:52**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30683** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a data prevista polo Goberno galego para a posta en marcha do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero”**, (publicada no BOPG número 305 do 16 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Decreto 131/2018, do 10 de outubro, polo que se crea e se regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero publicouse no Diario Oficial de Galicia do 22 de outubro de 2018.

O 28 de decembro de 2017 iniciouse a tramitación da norma. Someteuse a información pública no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia durante un prazo de 15 días hábiles, desde o 29 de xaneiro de 2018 ata o 16 de febreiro de 2018.

O proxecto de decreto tamén se trasladou, dándose trámite de audiencia, a entidades LGTBI (Asociación Nós Mesmas, Ulteira LGTBI, 7 cores, Arelas, Alas Coruña, Aleas-Eu, Asociación Amizando, Fundación Daniela, Chrysallis Galicia); á Federación Galega de Municipios e Provincias; ás organizacións sindicais máis representativas de Galicia, así como a aquelas presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas; ás universidades do Sistema Público de Galicia; e á Confederación de Empresarios de Galicia.

Presentáronse alegacións e a Secretaría Xeral de Igualdade mantivo xuntanzas coas Asociacións LGTBI: Asociación Amizando, Ulteira LGTBI Alas Coruña, Género Diverso, Nós Mesmas, Chrysallis Galicia, 7 Cores, ARELAS: Asociacion Familias Menores Trans, SexPoint CASCO. Comité Ciudadán Anti-Sida da Coruña e Asociación Avante LGTB



Finalmente, elaborouse o informe sobre as alegacións recibidas e presentouse a todas as entidades o texto definitivo.

A creación do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero ten como obxectivo principal reforzar a loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero e servirá para consolidar e defender os dereitos das persoas sexa cal sexa a súa orientación sexual e de xénero, así como para promover valores como o respecto á diversidade e ao libre desenvolvemento das persoas.

Entre as funcións do Observatorio están realizar estudos que teñan por obxecto a análise dos principais problemas para o recoñecemento, restablecemento e garantía dos dereitos das persoas LGBTI e formular recomendacións respecto diso da Administración pública; realizar propostas e recomendacións en materia de normas e políticas públicas para a garantía dos dereitos das persoas LGBTI na nosa comunidade; realizar campañas de sensibilización e concienciación sobre a diversidade sexual e identidade de xénero; presentar propostas que promovan a transversalidade do enfoque dos dereitos das persoas LGBTI na formulación, posta en marcha, seguimento e avaliación das políticas públicas sectoriais e manter comunicación permanente coas instancias públicas e privadas pertinentes para a materialización dos dereitos das persoas LGBTI, entre outros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:44:37**  
**Nº Rexistro: 44543**  
Data envío: 24/01/2019 13:44:37.635

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:44:34**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30684** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da representación que teñen as entidades LGTBI no Observatorio galego contra a discriminación por o rientación sexual e identidade de xénero”**, (publicada no BOPG número 305 do 16 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Decreto 131/2018, do 10 de outubro, polo que se crea e se regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero publicouse no Diario Oficial de Galicia do 22 de outubro de 2018.

O 28 de decembro de 2017 iniciouse a tramitación da norma. Someteuse a información pública no Portal de Transparencia da Xunta de Galicia durante un prazo de 15 días hábiles, desde o 29 de xaneiro de 2018 ata o 16 de febreiro de 2018.

O proxecto de decreto tamén se trasladou, dándose trámite de audiencia, a entidades LGTBI (Asociación Nós Mesmas, Ulteira LGTBI, 7 cores, Arelas, Alas Coruña, Aleas-Eu, Asociación Amizando, Fundación Daniela, Chrysallis Galicia); á Federación Galega de Municipios e Provincias; ás organizacións sindicais máis representativas de Galicia, así como a aquelas presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas; ás universidades do Sistema Público de Galicia; e á Confederación de Empresarios de Galicia.

Presentáronse alegacións e a Secretaría Xeral de Igualdade mantivo xuntanzas coas Asociacións LGTBI: Asociación Amizando, Ulteira LGTBI Alas Coruña, Género Diverso, Nós Mesmas, Chrysallis Galicia, 7 Cores, ARELAS: Asociacion Familias Menores Trans, SexPoint CASCO. Comité Cidadán Anti-Sida da Coruña e Asociación Avante LGTB



Finalmente, elaborouse o informe sobre as alegacións recibidas e presentouse a todas as entidades o texto definitivo.

A creación do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero ten como obxectivo principal reforzar a loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero e servirá para consolidar e defender os dereitos das persoas sexa cal sexa a súa orientación sexual e de xénero, así como para promover valores como o respecto á diversidade e ao libre desenvolvemento das persoas.

Entre as funcións do Observatorio están realizar estudos que teñan por obxecto a análise dos principais problemas para o recoñecemento, restablecemento e garantía dos dereitos das persoas LGBTI e formular recomendacións respecto diso da Administración pública; realizar propostas e recomendacións en materia de normas e políticas públicas para a garantía dos dereitos das persoas LGBTI na nosa comunidade; realizar campañas de sensibilización e concienciación sobre a diversidade sexual e identidade de xénero; presentar propostas que promovan a transversalidade do enfoque dos dereitos das persoas LGBTI na formulación, posta en marcha, seguimento e avaliación das políticas públicas sectoriais e manter comunicación permanente coas instancias públicas e privadas pertinentes para a materialización dos dereitos das persoas LGBTI, entre outros.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 2 de 2



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:44:30**  
**Nº Rexistro: 44542**  
Data envío: 24/01/2019 13:44:30.120

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:44:26**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 30851** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para o cumprimento, no ámbito universitario, do artigo 15 da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 309 do 23 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“As universidades son entidades que pertencen ao sector público institucional (art. 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público) e ás que a Constitución recoñece autonomía (artigo 27.10)

As tres Universidades de Galicia contan coas súas respectivas oficinas de igualdade e plans de igualdade, así como protocolos contra o acoso sexual.

Polo que atinxe ás actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación ao caso particular que refire a pregunta, a Secretaría Xeral de Igualdade púxose en contacto coa Universidade de Santiago de Compostela por medio de dúas vías distintas co obxectivo de coñecer -dentro do máximo respecto á autonomía universitaria- ás accións que tiña previsto levar a cabo a institución educativa ante este asunto.

En canto á formación, desde o ano 2014 a Escola Galega de Administración Pública ofrece formación ao persoal de administración e servizos (PAS) das tres universidades galegas. Grazas a esta medida, o colectivo accede tanto a un programa exclusivo deseñado tendo en conta as súas necesidades específicas como a outra formación de tipo xeral programada pola Escola.

En concreto, en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero a EGAP está a ofertar unha formación específica, ampla e de calidade co obxectivo de contribuír ao progreso e ao benestar do conxunto da sociedade galega, centrándose en conseguir un maior impacto e



eficacia da acción pública en prol da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

Como consecuencia do anterior en 2018 a EGAP convocou para o PAS das universidades galegas un curso específico de 20 horas titulado 'Formación básica en xénero e igualdade nas administracións públicas'. Ademais, este persoal tamén tivo acceso ao programa de autoformación da Escola a través do cal puido acceder, sen restrición de tempo ou número de prazas, aos títulos 'Formación básica en xénero e igualdade nas administracións públicas' e 'Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública'.

Para 2019 a EGAP, dentro do seu Plan de formación, estableceu como un dos seus eixes de acción o reforzo da formación relativa a igualdade e violencia de xénero. En consecuencia o PAS terá acceso a un amplo programa formativo composto polos seguintes títulos: Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas; Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública; Formación básica para a sensibilización e prevención da violencia de xénero; Sexting, sextorsión, violencia de xénero dixital e control machista; Básico en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero; o Enfoque de xénero no deseño, execución e avaliación de plans, programas e proxectos; e Coeducación emocional: A educación emocional como ferramenta para promover a Igualdade."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 2 de 2



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:43:52**  
**Nº Rexistro: 44539**  
Data envío: 24/01/2019 13:43:52.416

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:43:49**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 31246** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o procedemento de actuación na atención a unha vítima de violencia machista, acontecida no ano 2016 na senda peonil na ribeira do río Limia, entre Vilar de Santos e Xinzo de Limia”**, (publicada no BOPG número 312 do 30 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no seo da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na sesión celebrada o 12 de xullo de 2018 no debate da iniciativa con número de rexistro 31245, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-1-institucional-administracion-xeral-xustiza-interior-2018-07-12?part=ad1f6303-b644-4d46-ab06-aa4e8714543f&start=11394>

Na devandita sesión, o Goberno informou, entre outras cuestións, sobre o papel de distintos departamentos e institucións fronte a este caso, así como da necesaria coordinación entre todos os axentes implicados para actuar ante a estas situacións e axudar ás vítimas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:43:44**  
**Nº Rexistro: 44538**  
Data envío: 24/01/2019 13:43:44.666

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:43:40**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 24483** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“os datos referidos ás medidas desenvolvidas nos últimos tres anos para apoiar o desenvolvemento da actividade emprendedora da muller no medio rural, sensibilizar e educar en igualdade desde a infancia as mulleres e os homes dese medio, así como contribuír á prevención e erradicación da violencia de xénero contra as mulleres e a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de darlle prioridade ao obxectivo de acadar a paridade en todas as institucións, asociacións, entidades e órganos de representación do rural”**, (publicada no BOPG número 256 do 8 de febreiro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego está a traballar para mellorar a situación das mulleres que viven nos contornos rurais, fomentar a súa visibilidade e impulsar unha igualdade real de oportunidades en materia de acceso e condicións de emprego. Tamén traballa para impulsar a súa capacidade para emprender e promover condicións que faciliten a conciliación da vida persoal, familiar e laboral nun escenario de corresponsabilidade entre mulleres e homes.

Entre outras iniciativas, no seo do Consello Galego das Mulleres aprobouse un informe da Comisión Muller Rural. Na elaboración do mesmo participaron, ademais da Xunta, a Fegamp e catro sindicatos galegos, asociacións que conforman o Consello Galego das



Mulleres, varias delas representantes da muller rural. O estudo está dispoñible na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade.

Ademais deste estudo, no VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 recóllense distintos obxectivos relacionados coa muller rural, como o desenvolvemento profesional das mulleres rurais; o fortalecemento do movemento asociativo feminino e do liderado e a participación das mulleres nas estruturas asociativas; a redución da fenda dixital de xénero nas tecnoloxías da información e a comunicación, con especial incidencia no ámbito rural; e o apoio ao empoderamento das mulleres rurais e a súa incorporación ás estruturas de decisión.

En liña con estes obxectivos, a Secretaría Xeral da Igualdade colabora e participa desde 2013 con AGACA (Asociación Galega de Cooperativas Agrarias) nas xornadas formativas para mulleres do medio rural de 'Emprendemento e Fomento do Liderado das Mulleres nos órganos de Decisión das Cooperativas Agroalimentarias de Galicia' e 'Atrévete contigo mesma'. Do mesmo xeito, en 2017 tamén colaborou coas xornadas de empoderamento da muller rural organizadas por Cooperativas Lácteas Unidas (CLUN) a través de 'Mulleres de Seu'. Posteriormente, este mesmo ano, asinouse con CLUN un convenio de colaboración para dar visibilidade ás actuacións que organiza a cooperativa no marco deste proxecto, dirixido ao empoderamento e desenvolvemento profesional das mulleres.

Ademais, anualmente a Secretaria Xeral da Igualdade convoca unha orde axudas e subvencións para entidades de iniciativa social dirixidas a mulleres en situación de vulnerabilidade, e son varias as asociacións específicas de mulleres rurais que presentan programas específicos e que se financian dende o Goberno galego. No Diario Oficial de Galicia (DOG) poden consultarse as entidades, programas e financiamento dos últimos anos.

A Administración autonómica apoia tamén a constitución e o funcionamento dos Centros de Información á Muller (CIM), recursos fundamentais no ámbito local e especialmente no rural. Actualmente en Galicia están acreditados 81 CIM. De feito, os últimos centros





en acreditarse foron todos en concellos rurais: o de Mos e o da Mancomunidade de Conso Frietas (Riós, Vilariño de Conso, A Mezquita y A Gudiña). A todas estas medidas hai que engadir as recentemente anunciadas pola Xunta de Galicia no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Entre as medidas, inclúese a elaboración dun estudo específico sobre a percepción da violencia de xénero no medio rural galego co obxectivo de incrementar o coñecemento sobre a incidencia e as características da violencia de xénero neste ámbito.

Na mesma liña de traballo, este ano tamén se asinou un convenio de colaboración coas Federacións de Mulleres Rurais existentes en Galicia para a sensibilización e prevención da violencia de xénero e apoio ás vítimas no medio rural.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:45:46**  
**Nº Rexistro: 44550**  
Data envío: 24/01/2019 13:45:46.354

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:45:43**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 30286** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas específicas deseñadas polo Goberno galego para eliminar as agresións sexuais, a realización dalgunha avaliación da súa incidencia na sociedade galega e a súa opinión en relación co grao de desenvolvemento do disposto ao respecto na Lei 11/2017, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a dotación e desenvolvemento da atención específica ás vítimas e a suficiencia e funcionamento dos protocolos e/ou instrucións adoptadas nos ámbitos sanitario, policial e xudicial”**, (publicada no BOPG número 302 do 9 de maio de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Os contidos da resposta da Xunta de Galicia a esta pregunta xa foron tratados polo Goberno no Pleno do 10 de xullo de 2018 no debate da iniciativa con número de rexistro 30285, presentada polo mesmo grupo parlamentario.

O vídeo da sesión pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-07-11?part=5f4680b6-c9fe-4653-b95f-97531e90e615&start=4070>



Na devandita sesión, o Goberno informou, entre outras cuestións, de que xa está traballando en atender ás vítimas da violencia de xénero e da violencia sexual e dos recursos dispoñibles. Tamén sinalou que se buscará seguir mellorando os protocolos de actuación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:45:11**  
**Nº Rexistro: 44546**  
Data envío: 24/01/2019 13:45:11.307

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:45:00**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2019 12:02:08  
Nº Rexistro: 44299  
Data envío: 22/01/2019 12:02:08.967  
Data 22/01/2019 12:01

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 33628**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**as actuacións do Goberno galego relacionadas co peche da pesquería da sardiña para a flota do xeito**”, (publicada no BOPG número 342 do 27 de xullo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 20 de setembro pola directora Xeral de Pesca Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través das iniciativas 33626 e 33660.

Pode consultar o arquivo audiovisual premendo a seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-09-20?part=89392630-7baf-450d-b5d0-4dbf321cc0c3&start=72>

A Consellería do Mar leva traballando dende o minuto un en establecer as medidas necesarias que permitan por un lado recuperar a situación do stock da Sardiña Ibérica, e por outro manter a actividade pesqueira da nosa frota de cerco e xeito que ten como especie obxectivo este peixe”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2019 12:02:08**  
**Nº Rexistro: 44299**  
Data envío: 22/01/2019 12:02:08.967

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 12:02:00**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 33766** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Julia Torregrosa Sañudo e dona Paula Quinteiro Araújo, sobre **“a tramitación pola Consellería de Facenda da modificación de crédito solicitada pola Consellería do Mar destinadas á paralización de actividades pesqueiras”**, (publicada no BOPG número 345 do 2 de agosto de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O 23/12/2008 foi concedida unha axuda para a paralización definitiva do buque Olagorta. Como consecuencia dunha auditoría realizada polo Tribunal de Contas Europeo no ano 2010 sobre este expediente, iniciouse un procedemento declarativo de reintegro da devandita subvención con data 21/10/2013, resolvéndose o 20/01/2014 a procedencia do reintegro da subvención xunto cos xuros devengados dende a data do pagamento.

A empresa propietaria interpuxo recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que foi desestimado por Sentencia do 08/10/2015.

A empresa interpuxo recurso de casación ante o Tribunal Supremo, quen por Sentencia de 05/04/2018, o estimou, anulando a resolución que ordenaba o reintegro e condenado á Xunta de Galicia á devolución dos cartos abonados pola empresa propietaria en concepto de principal e de xuros.



A modificación de crédito á que se fai referencia no escrito foi destinada a facer fronte aos pagos, e polo tanto ao cumprimento da Sentencia, destinándose fondos que non ían poder ser utilizados dende o seu destino inicialmente previsto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2019 12:01:47**  
**Nº Rexistro: 44296**  
Data envío: 22/01/2019 12:01:47,748

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 12:01:43**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 33983** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don José Antonio Quiroga Díaz, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da viabilidade da aplicación da Lei 4/2017, do 3 de outubro, de benestar e protección dos animais de compañía en Galicia, a garantía do seu cumprimento no referido á obriga dos concellos de protexer os animais domésticos de compañía abandonados e a suficiencia do orzamento reflectido na Orde do 18 de abril de 2018, reguladora das axudas para ese fin, así como o significado da redacción que presenta a súa cláusula 4ª”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia xa ten en funcionamento un completo plan de acción para loitar contra a afección do picudo vermello da palmeira, que inclúe medidas de contención e erradicación, así como de divulgación.

Segundo a Lei de Sanidade Vexetal, os propietarios son os responsables directos de aplicar as medidas de erradicación e control. Estas obrigas pasan pola retirada e destrución de exemplares infectados en puntos de control. No caso de que estas medidas non se leven a cabo, os servizos oficiais poderán instar ao concello responsable como titular das palmeiras existentes en espazos públicos, a levar a cabo estas medidas.

Nas zonas infestadas a administración realiza labores de información das medidas de control a particulares e administracións, así como vixilancia e control sobre os exemplares afectados, onde os titulares realizan tratamentos preventivos, así como colaboracións para a xestión de particulares na eliminación dos exemplares infectados, xa que estes deberán ser destruídos.

Dende os servizos oficiais, dentro dos procedementos de control, realizáronse soltas controladas de machos infectados con fungos entomopatóxenos como medida de loita biolóxica contra este organismo.

Doutra banda, faise tamén divulgación e avisos fitosanitarios, incidindo en que o único mecanismo de control contra a praga é o da observación periódica dos exemplares para advertir dun posible ataque e actuar mediante tratamentos preventivos. Para iso deberanse



evitar as podas en épocas de voo do insecto (abril-novembro) xa que constitúe un factor de risco. En caso de ser precisas realizarase na época invernal.

Por último compre sinalar, que este insecto non ten ningún efecto sobre a saúde pública nin afecta a unha produción agroalimentaria, o que significa que non ten impacto económico sobre un sector produtor local.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:43:35**  
**Nº Rexistro: 44537**  
Data envío: 24/01/2019 13:43:35.885

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:43:32**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/01/2019 11:39:48  
Nº Rexistro: 44187  
Data envío: 21/01/2019 11:39:48.786  
Data 21/01/2019 11:39

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 34212**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración polo Goberno galego dos datos publicados pola EPA en canto ao sector pesqueiro”**, (publicada no BOPG número 351 do 4 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Para comezar, sinalar que o número de afiliados ao Réxime Especial do Mar mantense estable, e mesmo á alza, desde xaneiro de 2015, volvendo a superar a cifra dos 21.000 afiliados, e tendo hoxe 1.000 afiliados máis que hai dous anos.

De cara a seguir potenciando o relevo xeracional e incrementando o emprego no mar, a Xunta pon a disposición do sector subvencións para modernizar a frota e para novos propietarios de buques pesqueiros, así como unha firme aposta pola formación.

No relativo ás melloras a bordo, na convocatoria do ano 2016 destináronse 900.000 euros con 66 solicitudes presentadas e atendidas, e na convocatoria de 2017, destináronse 272.000 euros, presentándose 52 peticións. Incidir en que en ambas anualidades foron atendidas absolutamente todas as peticións presentadas, que cumprían os requisitos. Para este ano, esta consellería dedicou preto de 1 millóns de euros, logo dunha ampliación de crédito.

Por outra banda, apostamos decididamente pola formación, sendo unha área blindada, e por iso ampliamos a oferta formativa. Un aumento que se ve reflectido nos datos de matrículas efectuadas nos centros de ensino náutico-pesqueiro dependentes da



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Consellería, nos que o número de alumnos matriculados aumentou en máis dun 40% desde o ano 2009.

No referente ao programa 723A, a Consellería do Mar ampliou nun 3,9% os fondos destinados a este programa nos orzamentos de 2018 con respecto a 2017 (e prevese un 5% para este ano), e a cantidade medrará nun 135% desde 2015.

O programa 723A está destinado a mellorar a competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura → está focalizada en axudas á transformación, acuicultura e melloras a bordo

- Melloras a bordo → entre 2016 e 2017 atendéronse 118 proxectos e non quedou nin un fóra (dos que cumprían as condicións)
- Para este ano, esta consellería dedicou preto de 1 millóns de euros (sendo inicialmente de 571.000 euros e ampliándose en máis de 467.000 euros no mes de agosto)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/01/2019 11:39:48**  
**Nº Rexistro: 44187**  
Data envío: 21/01/2019 11:39:48.786

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 11:39:32**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2019 11:58:30  
Nº Rexistro: 44275  
Data envío: 22/01/2019 11:58:30.623  
Data 22/01/2019 11:58

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36129**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para anunciar a candidatura de Galicia para o acollemento do Laboratorio Europeo de Control Bacteriolóxico de Bivalvos despois da votación no seo da Unión Europea que negaba esa posibilidade, as xestión formais levadas a cabo co Goberno central e a Comisión Europea para ese fin e os factores que explican a non consecución dese obxectivo”**, (publicada no BOPG número 355 do 13 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A información relativa a este asunto foi apuntada na sesión plenaria do pasado 26 de setembro de 2018 pola conselleira titular deste Departamento, a través da iniciativa 36127.

Pode consultarse a resposta dada premendo a seguinte ligazón:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-26?  
part=b88a0287-8cd0-4334-875d-b345acc32950&start=7319](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-09-26?part=b88a0287-8cd0-4334-875d-b345acc32950&start=7319)

A conselleira do Mar sinalou que a Xunta confía en que o Goberno central continúe coa tramitación do protocolo de colaboración no control das zonas de produción de moluscos bivalvos.

Cabe lembrar que a proposta deste protocolo xorde a raíz dunha reunión que ela mesma mantivo o 22 de xaneiro en Bruxelas co director xeral da DG Sante da Unión Europea. Esta xuntanza tivo lugar despois de que se coñecese que recaía en Galicia a parte máis importante dese laboratorio europeo de referencia, localizado no Reino Unido; unha circunstancia que se produce como consecuencia do Brexit.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2





Neste encontro, o director xeral da DG Sante sinalou a posibilidade de que o Laboratorio de Referencia de Vigo sente as bases para establecer un protocolo de traballo conxunto co Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño (Intecmar).

Paralelamente, esta proposta foi trasladada pola Xunta ao Ministerio de Sanidade do anterior Goberno central e era e é unha posibilidade de que Galicia aumente as competencias de forma directa no eido do control das zonas de produción de moluscos bivalvos.

De feito, con este protocolo, a Axencia Española de Consumo Seguridade Alimentaria e Nutrición (AECOSAN) derivaría no Intecmar boa parte das funcións do Laboratorio Nacional de Referencia para biotoxinas mariñas e control e clasificación das zonas de produción, involucrando á comunidade autónoma galega, a través do Intecmar, en boa parte das accións propias do Laboratorio Nacional de Referencia.

En definitiva, agardamos e confiamos en que o novo Goberno central continúe e cumpra co apalabrado co anterior Goberno do Estado nesta demanda.

A maiores, sinalar que sobre este asunto tamén se deu cumprida resposta na Comisión 5ª do 27 de xuño de 2018, pola directora do Intecmar.

Pode consultar o arquivo audiovisual na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-5-sanidade-politica-social-emprego-2018-06-27?part=9654f703-a104-4973-aaea-dca4c9a387c1&start=63>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2019 11:58:30**  
**Nº Rexistro: 44275**  
Data envío: 22/01/2019 11:58:30.623

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:58:27**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/01/2019 11:39:20  
Nº Rexistro: 44185  
Data envío: 21/01/2019 11:39:20.301  
Data 21/01/2019 11:39

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36469**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“o número de persoas que estiveron prestando servizo activo durante o mes de agosto de 2018 na Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica e as incidencias detectadas nela como consecuencia da non cobertura das vacacións do persoal habitual”**, (publicada no BOPG número 360 do 21 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na Comisión 8ª do pasado 4 de outubro de 2018, pola secretaria xeral Técnica, a través da iniciativa 36467.

Pode consultarse o arquivo audiovisual premendo a seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-10-04?part=20bd1036-848b-4ec1-9e88-2d0cbd82c131&start=2211>

Para empezar, en canto ás competencias en materia de Pesca, existe unha grande descentralización das tarefas, de xeito que a maioría das peticións trámítanse nas Xefaturas Territoriais, que levan adiante a maior parte dos asuntos.

No que se refire concretamente ao Servizo de Pesca da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, durante o mes de agosto de 2018 estivo perfectamente cuberto, non habendo retraso algún, e atendéndose todas e cada unha das peticións feitas.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



En definitiva, durante o período estival non quedou ningún Servizo desatendido, e tramitáronse as peticións con total normalidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/01/2019 11:39:20**  
**Nº Rexistro: 44185**  
Data envío: 21/01/2019 11:39:20.301

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 11:39:16**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 36794** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“as medidas a adoptar pola Xunta de Galicia en relación a erradicación da vespa velutina en Galicia”**, (publicada no BOPG número 360 do 21 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2018 a Xunta de Galicia eliminou ou neutralizou un total de 24.298 niños. Por parte da Consellería do Medio Rural só no 2018 repartíronse 2.467 trampas e 5.404 botes de líquido atraente de 500 ml e 40.782 monodoses de atraente. Este material repartíuse aos apicultores a través das Oficinas Agrarias Comarcais. Repartíronse trampas e/ou líquido atraente á totalidade dos apicultores de todos os concellos nos que se detectaran niños na temporada anterior. Este reparto fíxose seguindo as recomendacións da estratexia nacional de erradicación e control da vespa velutina, que vai en función do número de colmeas.

A Consellería do Medio Rural apoia ao sector apícola a través dunha orde de axudas específica que ten como obxectivo mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura. Entre as liñas que se subvencionan están a loita contra as agresións e enfermidades da colmea. Este ano a contía para ditas achegas elévase aos 600.000 euros.

Tamén se apoia economicamente a actividade da Indicación Xeográfica Protexida Mel



de Galicia, habilitando axudas para explotacións agrarias (onde están incluídas as apícolas) e entregando gratuitamente trampas aos apicultores.

O Plan de vixilancia e control da vespa velutina comezou no 2016 co obxectivo de optimizar recursos e actuar máis rapidamente en caso de alerta dun niño. A Consellería do Medio Rural xa desde o ano 2014 comezou a traballar da man dos apicultores para protexer as súas colmeas.

Dende o 2015 realízanse cursos de formación para todo o persoal interviniente no operativo (protección civil, GES, bombeiros, persoal municipal, servizos veterinarios oficiais e de explotacións agrarias, dos servizos e distritos forestais da Consellería do Medio Rural e persoal dos distritos ambientais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda). Así mesmo, a Xunta de Galicia realiza unha ampla campaña de información entre a cidadanía mediante folletos e carteis informativos que foron enviados a todos os Centros de Atención Primaria, a todas as Oficinas Comarcais de Medio Rural, Distritos Forestais e de Medio Ambiente, unidades de Emerxencias e a todas as asociacións apícolas. Ademais, a Consellería do Medio Rural distribuíu, en encartes realizados na prensa escrita das zonas afectadas, máis folletos destinados a informar á poboación.

En canto á investigación sobre esta especie, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, participa como socio do proxecto europeo INTERREG SUDOE 'POSITIVE'.

Este proxecto cunha duración de tres anos (2018-2021) e no que participan, como socios do partenariado, as Universidades de Santiago de Compostela e Vigo así como o Instituto Vasco de Investigación e Desenvolvemento Agrario-NEIKER, o Instituto Nacional de Investigación Agrária e Veterinária, IP (Portugal), a Universidade de Trás-os-montes e Alto Douro (Portugal) e o Institut National de la Recherche Agronomique (Francia) ten por obxectivo contribuír á preservación dos servizos de polinización a través de desenvolvemento de métodos conxuntos para o control de *Vespa velutina*.

O aspecto chave é o seu enfoque transnacional, fundamental para o control efectivo desta especie, xa que facilita a análise e a integración da información en todo o espazo SUDOE, asegurando o desenvolvemento de ferramentas adecuadas.





Ademais, púxose en marcha un proxecto de investigación, no que participan as Universidades de Santiago e Vigo, que permitirá coñecer novos métodos para o control e a redución dos efectos da vespa velutina na biodiversidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

*(ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/01/2019 11:39:03**  
**Nº Rexistro: 44183**  
Data envío: 21/01/2019 11:39:03.489

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 11:39:00**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/01/2019 12:39:00  
Nº Rexistro: 44383

Data envío: 23/01/2019 12:39:00.453

Data 23/01/2019 12:38

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 36864**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora na posta en funcionamento do centro público de día de Miño e da inexistencia, na comarca das Mariñas, do equipamento básico de centros de día e xeriátricos de carácter público, así como as actuacións previstas polo Goberno galego ao respecto”**, (publicada no BOPG número 363 do 27 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia dispón na actualidade de catro centros de día xestionados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Consellería de Política Social na área das Mariñas (Arteixo, Culleredo, Oleiros e Sada, cunha oferta de 40, 60, 80 e 40 prazas, respectivamente), aos que se suman as residencias para maiores de Arteixo (Consorcio), que oferta 64 prazas, e o gran centro residencial de Oleiros (Xunta), que oferta 284 prazas.

Polo tanto, non é certa, a afirmación da ‘inexistencia de centros de día e xeriátricos de carácter público nas Mariñas’, porque ademais, aos recursos para maiores xa referidos, hai que sumarlles outros de titularidade municipal -é dicir, igualmente públicos-, como o centro municipal da terceira idade de Abegondo ou o Fogar do Maior de Paderne. A Xunta de Galicia subvenciona tamén, a través da Dirección Xeral de Maires do departamento de Política Social, decenas de prazas en centros de día e residencias, tanto privadas, como de iniciativa social, na área das Mariñas.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Nembargantes, para mellorar esa oferta para os nosos maiores na área referida, a Consellería de Política Social da Xunta ten planificada a incorporación á rede de centros que xestiona o Consorcio dun novo centro de día no municipio de Miño -nun edificio habilitado para tal fin polo Concello-, que terá unha capacidade máxima de 30 prazas, para ir aumentando de xeito progresivo ese número, sempre en función da demanda de usuarios que se rexistre na zona.

De feito, o Concello de Miño aprobou moi recentemente (o 28 de novembro de 2018) o convenio de colaboración co Consorcio necesario para esa apertura e a Xunta prevé a posta en funcionamento do centro nos primeiros meses deste ano 2019, para o que xa existe unha partida orzamentaria consignada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2019 12:39:00**  
**Nº Rexistro: 44383**  
Data envío: 23/01/2019 12:39:00.453

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2019 12:38:57**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/01/2019 12:48:54  
Nº Rexistro: 44387

Data envío: 23/01/2019 12:48:203

Data 23/01/2019 12:48

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 37323**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona María de los Ángeles Cuña Bóveda e dona Luca Chao Pérez, sobre **“as actuacións previstas pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado en relación coa situación do Espazo Emprende, as súas intencións referidas ao asentamento da Casa da Xuventude (Espazo Xove) de Ourense nun lugar diferente, así como a reactivación do seu Consello de Xestión”**, (publicada no BOPG número 363 do 27 de setembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Espazos Emprende son unha das iniciativas incluídas no proxecto ‘Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento xove transfronteirizo’ (acrónimo LIDERA), aprobado ao abeiro do programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP), sendo o socio beneficiario principal do mesmo a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

No marco do referido proxecto, a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado desenvolverá as actividades previstas no mesmo, orientadas á empregabilidade da mocidade e cuxos principais destinatarios son os mozos e mozas usuarios dos Espazos Xoves sitos en distintas localidades da xeografía galega.

Así, ao abeiro do proxecto LIDERA ao longo do ano 2019 os mozos e mozas usuarios do Espazo Emprende sito no Espazo Xove de Ourense, ao igual que nos restantes once espazos xove dependentes da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, poderán participar nun abano de iniciativas que poden constituír unha ponte cara a súa empregabilidade: actividades formativas personalizadas; sesións de coaching; accións de



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



movilidade, tanto en Galicia como no Norte de Portugal; ou encontros sectoriais a pequena escala que reúnan a mozos con distintos actores do territorio para establecer unha dinámica de diálogo e coñecemento mutuo que impulse a aparición de oportunidades de colaboración e mentoring.

Por outra banda, dende a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado non existe esa presunta intención de asentamento do Espazo Xove de Ourense nun lugar diferente do actual.

Así mesmo, facemos unha valoración positiva da súa xestión actual, pois estase confirmando como un punto de encontro dos mozos e mozas da propia cidade de Ourense e mesmo de toda a provincia. Baixo a xestión da dirección do Espazo realízanse actividades propias impulsadas polo propio Espazo, actividades impulsadas dende a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado e iniciativas promovidas por distintas entidades e asociacións xuvenís e culturais da cidade e provincia de Ourense”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2019 12:48:54**  
**Nº Rexistro: 44387**  
Data envío: 23/01/2019 12:48:54.203

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2019 12:48:50**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 37581** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e don Davide Rodríguez Estévez, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á incidencia que vai ter a avésa velutina en Galicia durante os meses de outono, a avaliación que fai dos efectos do trampeo e os métodos de loita explorados, así como os resultados obtidos con cada un deles e as súas intencións respecto do incremento dos medios materiais e económicos dos investigadores”**, (publicada no BOPG número 365 do 3 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2018 a Xunta de Galicia eliminou ou neutralizou un total de 24.298 niños. Por parte da Consellería do Medio Rural só no 2018 repartíronse 2.467 trampas e 5.404 botes de líquido atraente de 500 ml e 40.782 monodoses de atraente. Este material repartíuse aos apicultores a través das Oficinas Agrarias Comarcais. Repartíronse trampas e/ou líquido atraente á totalidade dos apicultores de todos os concellos nos que se detectaran niños na temporada anterior. Este reparto fíxose seguindo as recomendacións da estratexia nacional de erradicación e control da vespa velutina, que vai en función do número de colmeas.

A Consellería do Medio Rural apoia ao sector apícola a través dunha orde de axudas específica que ten como obxectivo mellorar a produción e comercialización dos produtos da apicultura. Entre as liñas que se subvencionan están a loita contra as agresións e enfermidades da colmea. Este ano a contía para ditas achegas elévase aos 600.000 euros.





Tamén se apoia economicamente a actividade da Indicación Xeográfica Protexida Mel de Galicia, habilitando axudas para explotacións agrarias (onde están incluídas as apícolas) e entregando gratuitamente trampas aos apicultores.

O Plan de vixilancia e control da vespa velutina comezou no 2016 co obxectivo de optimizar recursos e actuar máis rapidamente en caso de alerta dun niño. A Consellería do Medio Rural xa desde o ano 2014 comezou a traballar da man dos apicultores para protexer as súas colmeas.

Dende o 2015 realízanse cursos de formación para todo o persoal interviniente no operativo (protección civil, GES, bombeiros, persoal municipal, servizos veterinarios oficiais e de explotacións agrarias, dos servizos e distritos forestais da Consellería do Medio Rural e persoal dos distritos ambientais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda). Así mesmo, a Xunta de Galicia realiza unha ampla campaña de información entre a cidadanía mediante folletos e carteis informativos que foron enviados a todos os Centros de Atención Primaria, a todas as Oficinas Comarcais de Medio Rural, Distritos Forestais e de Medio Ambiente, unidades de Emerxencias e a todas as asociacións apícolas. Ademais, a Consellería do Medio Rural distribuíu, en encartes realizados na prensa escrita das zonas afectadas, máis folletos destinados a informar á poboación.

En canto á investigación sobre esta especie, a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, participa como socio do proxecto europeo INTERREG SUDOE 'POSITIVE'.

Este proxecto cunha duración de tres anos (2018-2021) e no que participan, como socios do partenariado, as Universidades de Santiago de Compostela e Vigo así como o Instituto Vasco de Investigación e Desenvolvemento Agrario-NEIKER, o Instituto Nacional de Investigación Agrária e Veterinária, IP (Portugal), a Universidade de Trás-os-montes e Alto Douro (Portugal) e o Institut National de la Recherche Agronomique (Francia) ten por obxectivo contribuír á preservación dos servizos de polinización a través de desenvolvemento de métodos conxuntos para o control de *Vespa velutina*.

O aspecto chave é o seu enfoque transnacional, fundamental para o control efectivo desta especie, xa que facilita a análise e a integración da información en todo o espazo SUDOE, asegurando o desenvolvemento de ferramentas adecuadas.





Ademais, púxose en marcha un proxecto de investigación, no que participan as Universidades de Santiago e Vigo, que permitirá coñecer novos métodos para o control e a redución dos efectos da vespa velutina na biodiversidade.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/01/2019 11:38:40**  
**Nº Rexistro: 44180**  
Data envío: 21/01/2019 11:38:40.723

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 11:38:37**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/01/2019 12:48:44  
Nº Rexistro: 44386  
Data envío: 23/01/2019 12:48:44.516  
Data 23/01/2019 12:48

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 37649**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez, sobre “**o número de menores estranxeiros non acompañados que residen na actualidade en Galicia, as medidas do Goberno galego para a súa protección e os datos referidos ao posible acollemento na comunidade autónoma de máis poboación deste tipo, así como as propostas que vai presentar ao respecto no vindeiro Consello territorial**”, (publicada no BOPG número 365 do 3 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A nosa Comunidade Autónoma vive tamén o repunte na chegada de menores estranxeiros non acompañados (en adiante MENAS), aínda que en menor medida que outros territorios e, en ningún caso, estamos ante supostos nos que estes menores teñan que permanecer en condicións non dignas. Ao contrario, a chegada está sendo asumida pola rede de centros de protección e polos técnicos de menores con total igualdade e implicación que o resto de situacións de desprotección.

A abordaxe dos casos de Menores Estranxeiros non Acompañados nos equipos técnicos de menores realízase tendo en conta en todos os casos a especialidade e especial vulnerabilidade destas situacións.

Por iso, desde protección de menores, o primeiro que procede é xestionar o ingreso do menor no centro e con esa mesma data asumir a garda provisional (xa que habitualmente os casos son trasladados desde instancias policiais en horarios que se consideran de urxencia).



Xacobeo 2021

páxina 1 de 3



Posteriormente, unha vez realizada a proba de idade do menor e sinalada a idade a través do Decreto de Fiscalía, asúmese a tutela se, efectivamente, se constata a minoría de idade.

Unha vez asumida a medida de protección iníciáanse os distintos trámites e intervencións co menor, que adoitan incluír:

- Entrevista no servizo de protección, asistido de traductor, que serve para que o ETM se faga unha composición sobre a situación familiar no país de orixe ou as expectativas que ten sobre o futuro...
- Tramitación da documentación. Algúns chegan con documentación en regra (os menos) nese caso non é necesario realizar estas xestións, se non, é necesario tramitarlle o permiso de residencia que ten certa complicación e pasa por unha cédula temporal. Tamén se xestiona a tarxeta sanitaria.
- Formación no idioma. Como paso previo a calquera formulación do caso, establéceselles un apoio formativo para o idioma.
- A partir de aquí trabállase con eles como con calquera menor do sistema de protección, coa peculiaridade de que como en case todos os supostos a chegada destes menores esta acompañada dunhas expectativas de traballo, intégranse no programa MENTOR ou se busca posible formación para a inserción laboral.

Este traballo de inserción socio laboral comprende dende os 16 anos e pode alongarse ata os 25 nos casos en que sexa preciso para completar a formación que garanta a plena inserción.

Na actualidade temos 169 MENAS en acollemento residencial nos distintos centros da rede de protección da nosa Comunidade Autónoma.

A partir da colaboración e coordinación entre o Estado e as Comunidades Autónomas articulouse un procedemento para exercer a solidariedade interterritorial e complementar a outras Comunidades Autónomas que están sobrepasadas pola chegada de MENAS ao seu territorio.



Dentro das posibilidades da nosa estrutura, o Real Decreto 1340/2018, do 29 de outubro, polo que se aproban as normas especiais reguladoras das subvencións que se outorgarán en réxime de concesión directa ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla para a atención aos menores estranxeiros non acompañados acollidos no ano 2018, establece no seu Anexo a posibilidade de que Galicia asuma a chegada de 25 MENAS.

En todo caso a chegada destes menores contará con todas as garantías de calidade no servizo e na intervención que se realice de xeito individualizado e que permita un correcto desenvolvemento integral da personalidade e do proxecto vital de cada menor”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2019 12:48:44**  
**Nº Rexistro: 44386**  
Data envío: 23/01/2019 12:48:44.516

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2019 12:48:40**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 37698**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á creación de novos de puntos de encontro familiar, a realización dalgún estudo para a posta en marcha de novas fórmulas de puntos de encontro itinerantes que permitan mellorar o acceso da cidadanía a estes servizos e as súas intencións respecto da implantación do solicitado no concello de Cangas”**, (publicada no BOPG número 365 do 3 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En 1999 abre as súas portas o punto de encontro familiar de Vigo con carácter experimental. No ano 2000 créase a Rede de puntos de encontro familiar de Galicia integrada por sete puntos de encontro, todos de titularidade da Xunta de Galicia: tres na provincia da Coruña, dous na provincia de Pontevedra, un na provincia de Lugo e outro na provincia de Ourense; concretamente están situados nas sete cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

A norma que regula os PEF é o Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.

Nesta norma o PEF constitúese como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer a relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.





O equipo técnico dos PEF é multidisciplinar. O artigo 16 do Decreto 96/2014 establece que estará composto, como mínimo, por tres profesionais de dúas titulacións diferentes entre as seguintes disciplinas: psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, dereito, traballo social ou educación social, con experiencia ou formación acreditada en igualdade, e na atención, intervención e orientación de menores e familias.

Todos os puntos de encontro contan co persoal esixido polo referido decreto, e ademais nos puntos de encontro de máxima actividade como son os de Vigo, Santiago e A Coruña aumentouse o persoal esixido, pasando de 3 a 4 profesionais.

As derivacións que se realizan son atendidas con total axilidade e na actualidade dos 690 casos derivados en toda Galicia so 12 se atopan en lista de agarda e se integrarán nos servizos dos PEF nas vindeiras semanas.

Con todo, actualmente se está estudando a posibilidade de ampliar a rede co fin de estendela no territorio e así dar cobertura a poboacións importantes cuxos habitantes teñan que desprazarse para o cumprimento do réxime de visitas.

A Xunta de Galicia iniciou no ano 2011 un proceso de revisión das instalacións dos PEF. A súa finalidade era situar a todos os PEF en locais públicos debidamente acondicionados co fin de establecer unha rede cos mesmos servizos, unificando as características dos centros.

Actualmente todos os PEF están situados en locais públicos que cumpren cos requisitos esixidos pola normativa vixente.

O investimento realizado nos PEF en obras e acondicionamento dos locais ascende a un total de 685.688,54 euros, desagregados por centro da seguinte forma:

| PEF        | Obra       | Equipamento | Investimento total |
|------------|------------|-------------|--------------------|
| A Coruña   | 224.155,96 | 16.568,09   | 240.724,05         |
| Ferrol     | 47.306,00  |             | 47.306,00          |
| Santiago   | 48.756,22  | 10.235,79   | 58.992,01          |
| Lugo       | 29.757,13  | 10.205,71   | 39.962,84          |
| Ourense    | 38.740,57  | 13.929,34   | 52.669,91          |
| Pontevedra | 41.682,75  | 11.951,29   | 53.634,04          |
| Vigo       | 174.553,69 | 17.846,00   | 192.399,69         |
| TOTAL      | 604.952,32 | 80.736,22   | 685.688,54         |



A Xunta de Galicia iniciou no ano 2000 o servizo de puntos de encontro cun orzamento de 151.635 euros. Este orzamento foise incrementando anualmente ata chegar no ano 2018 a 706.400 euros para o funcionamento deste recurso.

A cantidade destinada ao mantemento da Rede de PEF no ano 2017 e 2018 desagregase do seguinte xeito:

| PEF        | 2017       | 2018       |
|------------|------------|------------|
| A Coruña   | 82.400,00  | 82.262,22  |
| Ferrol     | 93.000,00  | 97.843,35  |
| Santiago   | 76.570,24  | 101.848,43 |
| Lugo       | 64.800,00  | 85.787,50  |
| Ourense    | 89.640,00  | 99.255,85  |
| Pontevedra | 113.480,76 | 93.979,39  |
| Vigo       | 137.499,96 | 145.423,66 |
| TOTAL      | 657.390,96 | 706.400,40 |

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2019 12:37:49**  
**Nº Rexistro: 44379**  
Data envío: 23/01/2019 12:37:49.063

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2019 12:37:43**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 37850** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da posibilidade de levar a cabo, aos efectos do establecemento dos peches precautorios, dunha análise a maiores da existencia de toxina no longueirón, a incidencia que tería na situación económica dos mariscadores de Fisterra e as medidas que vai desenvolver en relación coas protestas daqueles que está a padecer os inconvenientes derivados dese sistema de peches”**, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Intecmar realiza os controis nas zonas de produción atendendo ao que establece a lexislación europea. En base a eses controis realízase unha análise pormenorizada para todas as zonas da costa de Galicia das concentracións de células de especies de fitoplancto produtoras de biotoxinas lipofílicas e tamén de biotoxinas paralizantes. De darse unha presenza importante, o Intecmar procede a incrementar a frecuencia nas mostras e a realizar peches para evitar que chegue ao consumidor produto que poida xerar problemas de saúde pública.

Neste senso, os procesos de control atinxen, por normativa, a todos os moluscos bivalvos da nosa costa, e así os está a realizar o Intecmar.

No caso de ter que decretarse un peche, o sector afectado pode optar por devolución ao mar do marisco extraído ou ben por realizar un autocontrol, é dicir, unha análise que garanta a inocuidade do molusco en calquera dos laboratorios incluídos no Rexistro galego de laboratorios autorizados para a realización de ensaios de control de produtos alimenticios relacionados co consumo humano.

Os informes técnicos sobre identificación e cuantificación de fitoplancto tóxico en auga de mar son accesibles na páxina web de Intecmar desde o mesmo momento en que son xerados. Ademais o informe de situación das zonas de produción está permanentemente actualizado na páxina web de Intecmar.



**O Intecmar informa aos mariscadores tan pronto como ten os resultados das mostraxes, sendo este un indicativo de que a administración está atenta e que actúa ante a primeira situación de risco para o consumidor.**

En todo caso, cabe sinalar que o actual modelo de control e seguimento e a determinación do método de control (o chamado 'químico', mediante a aplicación da cromatografía de líquidos con detector de espectrometría de masas -LC-MS/MS-), máis lento e custoso, foi proposto en 2006 e non atopou oposición ata o cambio de Goberno autonómico en 2009, sendo finalmente aprobado pola UE en 2011.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:42:23**  
**Nº Rexistro: 44531**  
Data envío: 24/01/2019 13:42:23.307

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:42:19**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 37923** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a porcentaxe de produción propia que hai na programación da TVG e o grao de cumprimento do disposto na Lei 9/2011, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia”**, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A CRTVG é a televisión autonómica que máis recursos lle dedica ao sector audiovisual no seu territorio. O 97% dos contidos que emite a CRTVG son creados en Galicia e por galegos, o que demostra a aposta polo noso sector audiovisual. Así mesmo, a finais de ano a CRTVG anunciou a súa participación nun total de nove novos proxectos cinematográficos, que comprenden a realización de 6 longametraxes, dúas delas de animación, 1 película para televisión e de 2 documentais, en cumprimento das accións de apoio dos medios públicos ao sector audiovisual, dentro do coñecido como o cumprimento do 6%.

Actualmente, a produción propia na CRTVG está no 52% (51,8%) da grella, é dicir, por riba do que establece o Mandato Marco aprobado polo Parlamento de Galicia.

Ademais, a CRTVG accedeu, e así o puxo enriba da mesa de negociación, ás demandas sindicais plantexadas a finais de ano para aumentar substancialmente a produción propia. Esta proposta foi finalmente rexeitada pola parte social, nas negociacións anteriores ás xornadas de folga que tiveron lugar en decembro.

A CRTVG vén de vivir o maior proceso de transformación nos seus 33 anos de historia, un proceso no que en termos laborais non se prescindiu de nin un só traballador, aínda e cando o seu posto de traballo desaparecía. O cadro de persoal aprobado consta de 820 traballadores, e actualmente traballan directamente para a Corporación ao redor de 950 persoas. É un cadro de persoal consolidado de 820 persoas que medrou desde as 769 do ano 2010. O coste do persoal da CRTVG no orzamento aprobado para 2019 ascende a 51 millóns e medio de euros, o 47% dos recursos financeiros da CRTVG, e a fenda salarial entre o que máis cobra e o que menos é de 1 a 4. Falar de precariedade laboral cun cadro de persoal de 820 persoas e con 950



traballadores en total e coas condicións salariais ou de desfrute de vacacións e libranzas, parece complicado de defender.

É complicado tamén asumir que se fale de desmantelamento do servizo público cando a CRTVG acaba de investir máis de 15 millóns de euros en nova dotación tecnolóxica e na formación do seu persoal para afrontar os requirimentos da produción nos vindeiros anos.

Pechou tamén un acordo con AMTEGA este ano para, entre outras cousas, o desenvolvemento dunha plataforma que será peza chave do futuro da CRTVG por un valor de 2,6 millóns de euros.

En canto aos servizos, nos últimos anos pasouse de ofrecer os servizos tradicionais de TDT e radio analóxica a dar agora mesmo 24 servizos, que se verán aínda incrementados coa nova plataforma dixital.

Sobre a creación do Consello de Informativos e o Estatuto Profesional, non é competencia da Dirección Xeral a elaboración da regulación dos mesmos. O Consello de Administración está a traballar intensamente nas dúas fronteas, despois da apertura de vías de consulta con expertos nas dúas materias, alleos a CRTVG, para poder abordar con máximas garantías este labor.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:42:15**  
**Nº Rexistro: 44530**  
Data envío: 24/01/2019 13:42:15.057

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:42:11**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/01/2019 09:58:23  
Nº Rexistro: 44158  
Data envío: 21/01/2019 09:58:23.774  
Data: 21/01/2019 09:57

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 38027**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e dona María Dolores Toja Suárez, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á impartición de certificados de Profesionalidade marítimo-pesqueira na Mariña Lucense, a organización dos cursos precisos e a creación dunha escola con ciclos formativos na materia, así como o estudo da posibilidade de ofertar FP dual desa rama na comarca”**, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na Comisión 8ª do pasado 16 de novembro de 2018 pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, a través da iniciativa 38025.

Pode consultar o arquivo audiovisual premendo nesta ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-11-16?part=964303c3-1d78-4042-af3b-0c09538f840c&start=4726>

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro informa que no último ano téñense realizado na Mariña lucense os seguintes cursos de formación para o sector en resposta ás súas necesidades, unha vez recibidas as solicitudes de formación polas confrarías da costa de Lugo:

- Un curso de certificado de percebeiro/a na aula de formación de pesca en Celeiro para 10 persoas.
- Un curso de certificado de mariscador/a na aula de formación de pesca en Celeiro para 12 persoas.
- Un curso de certificado de mariñeiro/a pescador/a para 23 persoas.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



- Un curso de actualización de certificado de formación básica en seguridade na confraría de Burela para 13 persoas.
- Un curso de actualización de certificado de formación básica en seguridade na aula de formación de pesca en Celeiro para 19 persoas.
- Un curso de patrón/a local de pesca na confraría de Burela para 15 persoas.
- Un curso de operador/a restrinxido SMSSM na confraría de Burela para 8 persoas
- Un curso de operador/a restrinxido SMSSM na confraría de Ribadeo para 11 persoas
- Un curso de formación sanitaria específica inicial na confraría de Burela para 15 persoas.

Por outra banda, para o ano 2019 elaborárase co sector a oferta de formación marítimo-pesqueiro para a Mariña lucense como froito das súas necesidades. Para isto, neste mesmo mes de novembro solicitarase a todas as confrarías de Lugo que manden as súas necesidades de formación para o vindeiro ano.

A maiores, é necesario lembrar que a Mariña Lucense conta con dúas aulas de formación pesqueira, unha situada en Burela e outra en Celeiro, dotadas de material para impartir cursos de formación marítimo-pesqueira.

Por último, a Consellería do Mar mantén unha aposta decidida por unha formación de calidade, que ademais, nos últimos orzamentos ascende un 4,4% con respecto ao ano pasado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/01/2019 09:58:23**  
**Nº Rexistro: 44158**  
Data envío: 21/01/2019 09:58:23.774

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:57:57**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2019 11:57:33  
Nº Rexistro: 44269  
Data envío: 22/01/2019 11:57:33.544  
Data 22/01/2019 11:57

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 38034**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo de converter os terreos da Empresa Duchess e do "Cargadoiro de mineral de Rande", así como os adxacentes, a almacén de contedores, a opinión do Goberno galego referida á súa compatibilidade cos valores da zona, declarada LIC e inserida na Rede Natura, así como as súas intencións respecto do inicio do procedemento para a catalogación e protección dese cargadoiro de mineral e doutros exemplos do patrimonio industrial que existen no contorno”**, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Sobre este asunto xa se deu resposta na Comisión 2ª do 13 de novembro polo presidente do ente público Portos de Galicia, a través da iniciativa 38400, e tamén na Comisión 6ª do 22 de novembro, a través da iniciativa 38347.

Poden consultarse os arquivos audiovisuais nas seguintes ligazóns:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-11-13?part=2bd5f83f-4028-4da4-8df8-ab88cc9d0771&start=4224>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-11-22?part=df7e5931-8785-41a8-8f09-62c62bb5969c&start=62>

A Xunta de Galicia abstívose na votación no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo e mantén unha postura de prudencia respecto desta cuestión.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Non en van, o Concello de Redondela ten tamén unha proposta ao respecto que debe ser escoitada e avaliada de xeito preciso.

Por tanto, dende este Departamento facemos un chamamento á prudencia co obxectivo de escoitar a todas as partes interesadas.

Por outra banda, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural ten correctamente definidos os espazos naturais protexidos e os espazos protexidos rede Natura 2000 e en consecuencia á hora de informar, tanto este como outros proxectos, analizaranse e valoraranse as posibles afeccións que se poden producir sobre eles e/ou sobre os seus valores naturais para determinar a súa viabilidade.

Ata o momento actual, non chegou ás dependencias desta dirección xeral ningún proxecto construtivo ao respecto.

Será nese momento cando se analicen e determinen os impactos que o citado proxecto pode chegar a producir sobre os valores naturais.

Por outra banda, consultada a Subdirección de Avaliación Ambiental indican que NON hai nada referido a este proxecto nin por trámite propio nin por consulta consulta.

Polo tanto, a Consellería de Medio Ambiente non recibiu este proxecto para a súa tramitación ambiental, polo que non é posible aventurar os posibles impactos sen coñecer as súas características”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2019 11:57:33**  
**Nº Rexistro: 44269**  
Data envío: 22/01/2019 11:57:33.544

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:57:27**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/01/2019 12:37:38  
Nº Rexistro: 44378  
Data envío: 23/01/2019 12:37:39.1  
Data 23/01/2019 12:37

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 38062**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Goberno galego en relación coa cobertura da atención ás persoas maiores dependentes na Costa da Morte, as súas previsións respecto do mantemento de contactos co Concello de Corcubión para a apertura do centro de día da vila e a asunción da súa xestión, así como se é o caso, o cronograma estimado para a súa posta en marcha e adxudicación das prazas públicas”**, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social e o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar planifican a creación de novos centros para maiores en toda Galicia de acordo cun estudo previo das necesidades que existan en cada zona, pero sempre co obxectivo de dar unha resposta supra-municipal a esa demanda e que, polo tanto, non se cinga única e exclusivamente aos potenciais usuarios que poida ter determinado concello.

Non obstante, na Costa da Morte existen actualmente dous centros de día dependentes do Consorcio, nas localidades de Muros e de Cabana de Bergantiños, cunha capacidade máxima de 45 e 34 prazas, respectivamente, e con prazas dispoñibles a día de hoxe.

Non obstante todo o anterior, tendo en conta o investimento que xa fixo o Concello de Corcubión na súa construción, rehabilitando para ese uso un inmobile existente no centro da vila, o propio concello pode poñer en marcha por si mesmo ese recurso asistencial, tal e como teñen feito nos últimos anos varios concellos de toda Galicia, incluídos algúns da provincia da Coruña.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2





A Consellería de Política Social colaborará co Concello de Corcubión se decide poñer finalmente en funcionamento o centro de día de titularidade e xestión municipal, garantindo que esas prazas de centro de día serán sostidas con fondos públicos, de tal xeito que os potenciais usuarios dese recurso contarán coas correspondentes axudas da Xunta de Galicia, semellantes ás doutros centros de día municipais que están en servizo na actualidade na nosa comunidade autónoma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2019 12:37:38**  
**Nº Rexistro: 44378**  
Data envío: 23/01/2019 12:37:38.391

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2019 12:37:34**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 38154** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da inexistencia en Galicia dunha escola de pastores de ovino e cabrún que regule a formación e capacite aos gandeiros para o desenvolvemento dese tipo de actividades, así como as do Servizo de Explotacións Gandeiras para non ofertar nas convocatorias de 2017 e 2018, tódolos módulos obrigatorios no formato de teleformación, esixidos na Orde de axudas do segundo pilar da PAC, destinada ás zonas con limitacións naturais”**, (publicada no BOPG número 369 do 11 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“Na Comisión 7ª celebrada o pasado día 21 de decembro de 2018 aprobouse unha proposición non de lei cuxo acordo establece ‘O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a estudar a posibilidade de crear unha escola de capacitación de pastores de ovino e cabrún no ano 2019, como se fai noutras comunidades autónomas como Extremadura, Aragón ou Valencia, que regule a formación para o futuro desenvolvemento das actividades dos nosos gandeiros/as de ovino e cabrún coa implicación do sector aproveitando as redes de centros de formación e investigación da Axencia Galega de Calidade Alimentaria’. En aras a dar cumprimento a este acordo, a Consellería do Medio Rural e de Educación está a estudar a creación dunha escola de capacitación de pastores de ovino e cabrún.

O Curso de Investimento de Explotacións Agrarias é un curso que está conformado por 8 módulos formativos cunha duración total de 250 horas de formación. Dentro deste curso podemos atopar 10 orientacións produtivas que abranguen as especialidades de: explotación vacún de leite, gandería extensiva, cultivos extensivos, cultivos intensivos, fruticultura, vitivinicultura, gandería sen terra, apicultura, aproveitamentos forestais e diversificación de rendas.

A día de hoxe os alumnos que queiran realizar dita formación teñen dispoñible a



formación presencial ou de carácter semipresencial (a parte teórica dos módulos realízase a través da plataforma de teleformación e complementase cunha práctica de carácter presencial así coma un exame presencial). O prazo de 36 meses para acreditar a formación ven establecido no artigo 2.3 do Regulamento Delegado (UE) nº 807/2014 da Comisión do 11 de marzo de 2014 que completa o Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e introduce disposicións transitorias.

Por outra banda, a capacitación profesional pódese acreditar:

1. Coa documentación xustificativa de ter obtido o título de capataz agrícola, de técnico/a ou técnico/a superior en ciclos formativos da familia profesional de actividades agrarias ou outra titulación superior na rama agraria.

2. Con cinco anos de exercicio da actividade agraria, que deberá acreditarse, con carácter xeral, cun informe de vida laboral da Seguridade Social ou, de ser o caso, conforme o seguinte:

a) No caso de que unha parte ou a totalidade do exercicio da actividade agraria se levase a cabo como man de obra familiar, será precisa unha declaración da persoa titular da explotación onde realizou tal actividade na cal se especifique o tempo traballado na explotación e as tarefas desenvolvidas.

b) Os anos en que non se exercese a actividade agraria, ata acadar os cinco anos requiridos, poderán substituírse pola asistencia a cursos ou seminarios de formación agroforestal cunha duración de 50 horas lectivas por cada ano, os cales estarán previamente homologados pola consellería con competencia en materia agraria ou consellería correspondente, de acordo co Decreto 247/2000, do 29 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de capacitación agraria.

3. Cun certificado de aproveitamento de cursos relacionados coa incorporación da persoa moza, cunha duración mínima de 250 horas lectivas, establecidos pola consellería con competencia en materia agraria, de acordo co Decreto 247/2000, do 29 de setembro.





4. Mediante certificación de aproveitamento de cursos relacionados coa incorporación da persoa moza, cunha duración mínima de 250 horas lectivas, desenvolvidos por outras entidades competentes en ensinanzas agrarias, sempre que estean previamente homologados pola consellería con competencia en materia agraria ou consellería correspondente, de acordo co Decreto 247/2000, do 29 de setembro.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/01/2019 13:27:21**  
**Nº Rexistro: 44670**  
Data envío: 25/01/2019 13:27:21.041

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2019 13:27:17**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 38268** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado de tramitación da denuncia presentada na Xerencia do Medio rural, da Delegación Territorial da Coruña, respecto dunha plantación na parcela nº 440 do polígono 501, do concello do Pino”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“En relación a dito caso, tras a primeira denuncia recibida realizouse por parte da Consellería de Medio Ambiente a correspondente inspección ambiental, que concluíu con que non se infrinxía a Lei 22/2011 de Residuos e Solos Contaminados. Esta resolución foi trasladada ao denunciante, que presentou unha segunda denuncia na que facía referencia a cuestións de salubridade e prevención de incendios. Por iso, e ao non tratarse dunha cuestión medioambiental, a denuncia foi trasladada á Consellería de Medio Rural e ao Concello do Pino. Dende esta última consellería dicir que na Xefatura Territorial da Coruña tivo entrada un escrito de denuncia dun particular, motivo polo cal se levantou acta de infracción en canto a parcela 440 do Polígono 501 do concello do Pino incumpria as distancias de plantacións conforme á Lei 7/2012. Unha vez realizada a comprobación o propietario de dita parcela foi requirido para que realizara as actuacións pertinentes na súa parcela para cumprir co estipulado na lei. Recentemente realizouse a comprobación na zona informando que as árbores foron cortadas, quedando pendente de retirar os restos forestais do solo, sendo requirido novamente o propietario, instándoo á efectuar a súa retirada xa que do contrario daría lugar á apertura dun expediente sancionador.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/01/2019 13:27:13**  
**Nº Rexistro: 44669**  
Data envío: 25/01/2019 13:27:13.400

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2019 13:27:09**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/01/2019 12:37:28  
Nº Rexistro: 44377  
Data envío: 23/01/2019 12:37:28.953  
Data 23/01/2019 12:37

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 38393**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego referidas á construción e posta en marcha, en colaboración co Concello, dun centro de día en Ribadavia, o investimento que vai realizar para a execución das obras o máis axiña posible e o estudo da posibilidade de adaptar o centro sociocomunitario para ese fin, mantendo os servizos que se están a prestar nel”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social da Xunta de Galicia conta cunha ampla rede de centros socio-comunitarios distribuídos ao longo da xeografía galega, dos que 11 están situados en localidades da provincia de Ourense.

Todos eses centros teñen carácter comarcal e os seus obxectivos primordiais son previr a dependencia dos maiores, fomentar a súa autonomía persoal, combater o illamento, potenciar as relacións sociais entre persoas dunha mesma comarca e retrasar todo o posible o deterioro físico e cognitivo.

O edificio no que se asenta o centro socio-comunitario de Ribadavia, ao que acoden a diario numerosos usuarios de toda a comarca do Ribeiro (con picos mensuais de ata 200 persoas), presenta características arquitectónicas complexas desde o punto de vista das limitacións de espazo, acceso de vehículos, acceso de persoas dependentes -que son os usuarios da rede autonómica de centros de día-..., aínda que si cumpre a normativa vixente en materia de centros socio-comunitarios.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Pola súa banda, a normativa que regula os centros de día (Orde de 25 de xuño de 2008, que establece os requisitos específicos para ese tipo de servizos), contempla outras esixencias como son que os inmobles que os acollan estean situados en espazos de uso exclusivo, que contén con entrada independente desde un espazo público, que dispoñan dun despacho de dirección, un despacho de acoplamento persoal, unha sala de curas, unha sala polivalente, unha sala de atención controlada, unha sala de rehabilitación, así como outras dependencias, que evidentemente non se poden habilitar coa superficie da que dispón na actualidade o edificio do actual centro socio-comunitario de Ribadavia.

Por todo o dito, resulta inviable a instalación dun centro destas características no mesmo edificio no que neste momento se encontra funcionando o centro socio-comunitario de Ribadavia e, menos aínda, compatibilizando os dous, que son servizos diferentes, as súas actividades diarias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2019 12:37:28**  
**Nº Rexistro: 44377**  
Data envío: 23/01/2019 12:37:28.953

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2019 12:37:24**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2019 11:56:50  
Nº Rexistro: 44264  
Data envío: 22/01/2019 11:56:50.951  
Data 22/01/2019 11:56

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 38401**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do proxecto da Autoridade Portuaria de Vigo referido á adquisición dos terreos da empresa Duchess co fin de construír un novo vial de entrada e saída de camións para establecer no litoral de Rande, en Redondela, unha base loxística e de reparación de contedores, a situación dese espazo dentro do ámbito de protección da Rede Natura 2000 e o impacto que vai ter nel ese proxecto, así como na calidade de vida da veciñanza da zona”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Sobre este asunto xa se deu resposta na Comisión 2ª do 13 de novembro polo presidente do ente público Portos de Galicia, a través da iniciativa 38400, e tamén na Comisión 6ª do 22 de novembro, a través da iniciativa 38347.

Poden consultarse os arquivos audiovisuais nas seguintes ligazóns:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-2-ordenacion-territorial-obras-publicas-medio-ambiente-servizos-2018-11-13?part=2bd5f83f-4028-4da4-8df8-ab88cc9d0771&start=4224>

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-6-industria-enerxia-comercio-turismo-2018-11-22?part=df7e5931-8785-41a8-8f09-62c62bb5969c&start=62>

A Xunta de Galicia abstívose na votación no Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo e mantén unha postura de prudencia respecto desta cuestión.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Non en van, o Concello de Redondela ten tamén unha proposta ao respecto que debe ser escoitada e avaliada de xeito preciso.

Por tanto, dende este Departamento facemos un chamamento á prudencia co obxectivo de escoitar a todas as partes interesadas.

Por outra banda, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural ten correctamente definidos os espazos naturais protexidos e os espazos protexidos rede Natura 2000 e en consecuencia á hora de informar, tanto este como outros proxectos, analizaranse e valoraranse as posibles afeccións que se poden producir sobre eles e/ou sobre os seus valores naturais para determinar a súa viabilidade.

Ata o momento actual, non chegou ás dependencias desta dirección xeral ningún proxecto construtivo ao respecto.

Será nese momento cando se analicen e determinen os impactos que o citado proxecto pode chegar a producir sobre os valores naturais.

Por outra banda, consultada a Subdirección de Avaliación Ambiental indican que NON hai nada referido a este proxecto nin por trámite propio nin por consulta consulta.

Polo tanto, a Consellería de Medio Ambiente non recibiu este proxecto para a súa tramitación ambiental, polo que non é posible aventurar os posibles impactos sen coñecer as súas características”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2019 11:56:50**  
**Nº Rexistro: 44264**  
Data envío: 22/01/2019 11:56:50.951

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:56:42**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2019 11:56:37  
Nº Rexistro: 44263  
Data envío: 22/01/2019 11:56:37.779  
Data 22/01/2019 11:56

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 38674**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presentan, a 30 de xuño de 2018, os programas da Consellería do Mar 723A “Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura”, 513A “Construción, conservación e explotación portuaria” 514A Infraestruturas pesqueiras”, así como a opinión da consellaría respecto da consecución dos obxectivos políticos que tiñan asignado”**, (publicada no BOPG número 371 do 16 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A media de execución da etapa do actual goberno da Xunta de Galicia está un 19% por riba da do goberno anterior, entre 2005 e 2009. Ademais, a media de execución en D está un 30% por riba da do anterior goberno, e as medias de execución en O e K da actual etapa están un 51% por riba da do anterior goberno.

En canto á aplicación do FEMP, inicialmente houbo unha baixa execución por ser o primeiro ano e por derivarse disto unha necesidade de que o sector valorase o destino dos fondos, os conceptos subvencionables e a propia evolución da produción e da súa estratexia empresarial. A experiencia nos demostra que o primeiro ano soe ser de previsión e proposta, no que bastantes propietarios agardan ás experiencias dos primeiros.

Sen embargo, neste novo FEMP existe un cambio na orientación do gasto cara a unha necesaria implantación e desenvolvemento de novos modelos de produción, polo que se



Xacobeo 2021

páxina 1 de 3



demanda desde Bruxelas a incorporación de avances e melloras sobre o que se viña subvencionando ata o de agora.

Por outra banda, foi necesario realizar moitas demandas e elevar moitas consultas para verificar a elexibilidade de moitas accións e actuacións por parte dos posibles beneficiarios, especialmente no sector mitilicultor (novas bateas, melloras nos buques auxiliares, etcétera) e poder chegar así a máis conceptos e achegar máis axudas.

En todo caso, para 2019 xa non contaremos coa limitación da consideración da frota de artes menores como 'frota en desequilibrio' e poderemos aplicar máis fondos e mellorar o acceso dos demandantes aos fondos.

No que respecta ao programa 723 A, estamos case 20 puntos porcentuais por riba da execución en fase AD que no bipartito, dato realmente importante se temos en conta que é a disposición e as dificultades de elevar a O polas complicacións administrativas que ten o novo FEMP.

Se temos en conta a comparanza da execución deste programa entre os anos 2005-2009 e 2017 temos que ter en conta que o programa 723A 'Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura' non existía como tal nos anos 2005 e 2006, xa que as partidas estaban desagregadas en varios programas.

Ademais, nos anos 2007, 2008 e 2009 o programa 723A incluía as actuacións de Desenvolvemento Sostible das Zonas Pesqueiras (agora estas actuacións forman parte do programa orzamentario 723C) que nunca chegaron a poñerse en marcha e por tanto non se executou.

No relativo ao capítulo 723 C, lembrar que foi este Goberno, en 2009, quen lle deu un impulso a esta área de traballo, para a diversificación e desenvolvemento das zonas costeiras, en primeiro lugar, constituíndo os grupos GAC, que non tiñan sido constituídos.

Actualmente, o programa 723A está destinado a mellorar a competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura. Está focalizada en axudas á transformación, acuicultura e melloras a bordo.

En canto ao relevo xeracional (entendido como melloras a bordo), entre 2016 e 2017 atendéronse 118 proxectos e non quedou nin un fóra dos que cumprían as condicións.





Durante o ano 2018, esta consellería dedicou preto de 1 millóns de euros, logo dunha ampliación de crédito (sendo inicialmente de 571.000 euros e ampliándose en máis de 467.000 euros no mes de agosto)”.  
O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2019 11:56:37**  
**Nº Rexistro: 44263**  
Data envío: 22/01/2019 11:56:37.779

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:56:32**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 38983** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da concesión a dunha prórroga por 60 anos máis para o asentamento de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra, e as súas intencións respecto da súa participación nunha mesa de diálogo, xunto coa Administración central, o Concello de Pontevedra e os colectivos interesados, para estudar o seu posible traslado fóra da ría”**, (publicada no BOPG número 376 do 25 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En canto á situación de Ence, cómpre lembrar que a instalación conta cos títulos habilitantes necesarios, concretamente coa concesión de ocupación do dominio público marítimo-terrestre outorgada polo Goberno central e coa autorización ambiental integrada concedida pola Xunta en 2008.

En todo caso, desde a Xunta de Galicia estase aberto ao diálogo sobre calquera cuestión, sempre tendo en conta as competencias de cada organismo e que estean dispostos a participar todos os sectores implicados de xeito voluntario.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2019 11:56:27**  
**Nº Rexistro: 44262**  
Data envío: 22/01/2019 11:56:27.263

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:56:22**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2019 11:56:17  
Nº Rexistro: 44261  
Data envío: 22/01/2019 11:56:17.748  
Data 22/01/2019 11:56

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39102**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as demandas realizadas ou previstas pola Xunta de Galicia diante da Comisión Europea e da Comisión de Pesca do Parlamento Europeo en relación coa reforma do regulamento referido aos Fondos Europeos do Mar e da Pesca, FEMP, e a defensa da pesca artesanal galega, así como a súa opinión respecto das modificacións que se deben introducir”**, (publicada no BOPG número 376 do 25 de outubro de 2018), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na Comisión 8ª do pasado 16 de novembro de 2018, pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través da iniciativa 39103.

Pode consultar o arquivo audiovisual premendo a seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-11-16?part=964303c3-1d78-4042-af3b-0c09538f840c&start=2193>

Nesta resposta, a directora destacou que Galicia fixo os deberes e relatou os pasos dados nesta materia.

Por unha banda, a participación de Galicia no seminario celebrado o ano pasado en Tallin, baixo o título ‘O FEMP no apoio dos obxectivos da Política Pesqueira Común e da Política Marítima da Unión Europea’, enmarcado na conferencia ‘Máis alá de 2020: o apoio ás comunidades costeiras de Europa’.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Neste foro, a conselleira do Mar defendeu a conveniencia dun novo fondo de financiamento pesqueiro que dea continuidade ao que se atopa en vigor co obxectivo de que o sector poida adaptarse ás liñas marcadas por Europa.

Por outra banda, a directora xeral lembrou que Galicia liderou no seo do Comité das Rexións o ditame do FEMP despois de 2020, que foi aprobado por unanimidade das 350 rexións e concellos europeos que conforman o seu pleno. Esta proposta foi enriquecida en orixe coas achegas e opinións recollidas en sendas xuntanzas do Comité das Rexións e cos membros do sector europeo mantidas en xaneiro deste ano. Tamén coas propostas, inqedanzas e pareceres de moitos membros do sector galego.

A maiores, sinalar que a través deste ditame, Galicia defende un futuro fondo que sexa acorde á normativa europea, simplificado para facilitar a súa aplicación práctica ás administracións e pescadores e adaptado á realidade dos sectores do mar.

Por último, lembrar que entre as prioridades que defende Galicia para o novo fondo está o relevo xeracional, a través do apoio en cuestións como a formación e a calidade de vida a bordo dos buques pesqueiros. Tamén é clave centrar apoios na adecuación do esforzo pesqueiro e dar continuidade á competitividade do sector transformador e á diversificación económica do sector, especialmente en zonas costeiras rurais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2019 11:56:17**  
**Nº Rexistro: 44261**  
Data envío: 22/01/2019 11:56:17.748

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:56:14**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 39348** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez, sobre **“os datos do Goberno galego referidos ao número de visitas diarios que está a recibir a Illa de Ons, o control que está a levar a cabo respecto dos billetes expedidos polas empresas navieiras e as razóns da demora que presenta a aprobación do Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas”**, (publicada no BOPG número 378 do 31 de outubro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación ao número de visitas diarias á illa de Ons, ata o momento non existía un cupo establecido, pero a partir da entrada en vigor do Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUX) aprobado polo Consello da Xunta o pasado 27 de decembro de 2018 establécese unha carga máxima de 1.800 visitantes por día en temporada alta. Concretamente: 1.300 visitas ao día, 200 para grupos e 300 para a zona de acampada. O sistema para o control de visitantes será o mesmo que se empregou este verán para o acceso ás Cíes, no que as navieiras non poden emitir billete se a persoa que o solicita non ten autorización previa da Xunta de Galicia pata visitar o Parque Nacional. O obxectivo da Xunta en relación ao Plan Reitor de Usos e Xestión (PRUX) foi acadar un texto que habilite ferramentas que propicien o equilibrio e o respecto polos valores naturais, así como o desenvolvemento económico, social e cultural. E, sobre todo, un texto consensuado e no que se atenda a todas as sensibilidades.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:42:07**  
**Nº Rexistro: 44529**  
Data envío: 24/01/2019 13:42:07.448

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:42:04**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2019 11:55:19  
Nº Rexistro: 44256  
Data envío: 22/01/2019 11:55:19.841  
Data 22/01/2019 11:55

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 39775**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns das carencias e deficiencias que presenta o posto de control dos mariscadores da Ponte da Pasaxe, no concello de Oleiros e as medidas previstas pola Xunta de Galicia para resolver a situación dos mariscadores da ría do Burgo afectados polo sistema específico de protección por cese de actividade dos traballadores autónomos establecido na Lei 32/2010”**, (publicada no BOPG número 384 do 15 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No tinxinte ao posto de control e pesado do marisco que está situado á beira da Ponte da Pasaxe, sinalar que a situación deste punto determínoa a propia Confraría de Pescadores da Coruña, e aparece recollido nos seus plans de explotacións, que posteriormente son aprobados pola Consellería do Mar.

Non se trata, por tanto, dunha obriga por parte da Administración, senón que é o propio sector quen decide ou non a idoneidade deste punto. A maiores, sinalar que este punto está autorizado pola Consellería de Sanidade.

Sen embargo, existe un informe negativo do Servizo de Inspección Veterinaria de Gardacostas no que se indica que o referido local non reúne as condicións mínimas para efectuar a primeira venda, segundo o legalmente establecido.



Por tanto, estamos a falar dun posto de control que unicamente debería ter a función de pesaxe e control do produto extraído, para o cal unicamente se precisa dunha báscula, sendo necesario reservar outros lugares para a súa posterior comercialización.

Tampouco cumpre a función de lugar de vestiario para os traballadores do mar, senón que para ese fin resérvase outro espazo nos portos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2019 11:55:19**  
**Nº Rexistro: 44256**  
Data envío: 22/01/2019 11:55:19.841

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 11:55:17**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/01/2019 11:38:29  
Nº Rexistro: 44179  
Data envío: 21/01/2019 11:38:29.926  
Data 21/01/2019 11:38

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 40158**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“a realización polo Goberno galego dalgunha análise referida á situación actual da cría do percebe, a previsión cara á campaña do Nadal e a necesidade de establecer vedas continuadas dun mínimo de medio ano para recuperar a súa produción, a súa opinión respecto da necesidade de realizar un estudo técnico en relación cos factores que afectan ao crecemento da cría e as medidas concretas que vai levar a cabo para recuperar a produción desa especie”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na sesión plenaria do pasado 5 de decembro de 2018 pola conselleira titular deste departamento, a través da iniciativa 40159.

Pode consultarse o arquivo audiovisual premente na seguinte ligazón:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-12-05?  
part=141e80b1-5537-40c7-a57e-990cb1538db2&start=5592](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2018-12-05?part=141e80b1-5537-40c7-a57e-990cb1538db2&start=5592)

A conselleira do Mar sinalou que a Xunta prevé que o sector do percebe remate o ano cuns ingresos por vendas deste crustáceo en lonxa semellantes aos dos últimos cinco anos.

Son as estimacións que manexa o Executivo galego tendo en conta que quedan por contabilizar os datos de decembro, mes no que se adoita capturar arredor do 11% do crustáceo e que supón o 16% da facturación de todo o ano.

Cos datos consolidados a 1 de novembro, a facturación supera xa a media do último lustro, polo que todo parece indicar que coa incorporación dos datos da campaña de Nadal esta cifra será superada se as previsións meteorolóxicas non inflúen negativamente nas capturas.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



En definitiva, sen ser un ano punteiro, 2018 non está fóra dos parámetros normais da serie histórica de actividade dos últimos 15 anos e, especialmente, do último lustro.

A maiores, destacar que a Consellería do Mar conta cunha rede de biólogos de zona que se coordinan cos das confrarías e que se encargan de garantir que a extracción de percebe se realiza cunha sustentabilidade ambiental plena.

Outro indicador de evolución da actividade é que en 2019 está prevista a aprobación de 37 plans de xestión de percebe en toda a costa de Galicia -nas modalidades de extracción a pé, dende embarcación ou conxuntos- e que das propostas achegadas polas confrarías non se ve vontade de reducir o esforzo como resposta a unha menor capacidade produtiva.

De feito, ademais da cobertura das vacantes que se produzan no marco dos plans, as confrarías solicitaron aumentos dun total de 10 permisos de percebeiros a pé, 21 embarcacións e 52 tripulantes. Os topes de extracción e as xornadas de traballo programados polo sector tampouco baixan e temos que remarcar que son plans idénticos na planificación extractiva aos de anos anteriores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/01/2019 11:38:29**  
**Nº Rexistro: 44179**  
Data envío: 21/01/2019 11:38:29.926

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 11:38:05**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 25/01/2019 13:26:46  
Nº Rexistro: 44667  
Data envío: 25/01/2019 13:26:46.697  
Data: 25/01/2019 13:26

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 40272** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“as medidas que vai adoptar o Goberno galego para apoiar o proxecto de modernización e desenvolvemento do Estaleiro 4.0 na Ría de Ferrol, así como no ámbito formativo da FP e da investigación para o sector naval ferrolán, e as súas intencións respecto do desenvolvemento dun plan integral de apoio á súa industria auxiliar”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O naval galego é un referente a nivel estatal. De feito, Galicia contabiliza o 42% dos contratos en carteira que actualmente rexistran os estaleiros de toda España, o que se traduce en 750 millóns de euros de investimento e 4,2 millóns de horas de traballo, sendo estas as maiores cifras de actividade nos últimos anos grazas ao intenso labor realizado por esta industria co apoio da Xunta para que a calidade, a experiencia e a innovación tecnolóxica sexan as súas fortalezas competitivas.

Como se ten informado no Parlamento, a Administración autonómica conta cun conxunto de programas específicos de impulso da Industria 4.0 en Galicia, que prestan atención aos sectores prioritarios para a economía e o emprego na comunidade, entre os que se atopa o naval. Neste contexto, encádranse as dúas unidades mixtas de investigación nas que participa Navantia, unha de cara a consolidar o proxecto iniciado en 2015 xunto á Universidade da Coruña para o desenvolvemento de novas técnicas e tecnoloxías que permitan incrementar a competitividade do estaleiro na Ría de Ferrol, así como a mellora dos procesos produtivos existentes e a definición doutros novos, baixo o nome ‘O Estaleiro



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2





do Futuro'; e outra para abordar un novo proxecto en colaboración co centro tecnolóxico AIMEN, co reto de desenvolver novos materiais e estruturas automatizadas para fabricación avanzada.

Ademais, débese salientar o traballo conxunto e o apoio prestado ao Clúster do Naval Galego nas accións de modernización desta industria, que benefician particularmente as empresas auxiliares, na medida que resultan indispensable para que o estaleiro galego avance de xeito sólido na mellora da súa competitividade. O mesmo ocorre co plan de formación específico posto en marcha pola Xunta para facer do capital humano un activo que permita ao sector seguir crescendo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/01/2019 13:26:46**  
**Nº Rexistro: 44667**  
Data envío: 25/01/2019 13:26:46.697

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2019 13:26:43**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2019 13:41:38  
Nº Rexistro: 44526  
Data envío: 24/01/2019 13:41:38,245  
Data 24/01/2019 13:41

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 40349**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión, as medidas e as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coas queixas referidas ás deficiencias existentes no Servizo de Oncoloxía Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela”**, (publicada no BOPG número 387 do 22 de novembro de 2018), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“De maneira continua e seguindo os protocolos establecidos polo servizo de Medicina Preventiva realízanse revisións que permiten levar a cabo as reparacións que sexan necesarias, como neste caso puntual o foi a reparación das baldosas caídas.

A limpeza das habitacións é diaria e realízase baixo os controis habituais polo servizo de Medicina Preventiva.

Os pacientes inmunodeprimidos teñen un resgo maior de infeccións oportunistas (endóxeas e nosocomiais) e polo tanto precisan de intervencións especiais de control de infeccións para evitar a transmisión en entornos de atención médica. Isto abarca desde o entorno de protección total ata o aillamento inverso simple con precaucións estándar (uso de mascarilla e bata).

A sala de espera dos paciente oncolóxicos está dotada de material para nenos (cadeiras, mesas, xogos, TV, videoconsola, libros), e polo que se refire aos tempos de espera para consulta son consecuencia de que os pacientes acoden a primeira hora para realizar as



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



analíticas polo que a consulta non pode comezar ata que non se teña o resultado das mesas, pois moitos dos ingresos ou transfusións dependen dos resultados das analíticas.

Nestes momentos desde a Xerencia se está a realizar unha análise da ocupación da área de pediatría co obxectivo de dimensionar adecuadamente a área de hospitalización de oncopediatría así como outras actuacións a levar a cabo nas áreas ambulatorias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:41:38**  
**Nº Rexistro: 44526**  
Data envío: 24/01/2019 13:41:38.245

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:41:34**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 40452** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María Luísa Pierres López, sobre **“as actuacións concretas previstas para a execución do proxecto denominado Desenvolvemento e integración dun sistema de xestión de transporte á demanda na Comunidade Autónoma de Galicia”, o significado real do indicador Servizos de transporte á demanda definidos e a xustificación dun investimento superior aos trece millóns de euros nese proxecto**”, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Con cargo ao proxecto orzamentario denominado *‘Desenvolvemento e integración dun sistema de xestión de transporte a demanda na Comunidade Autónoma de Galicia’* fináncianse os contratos de servizo das asistencias técnicas que, actualmente, están a elaborar o Plan de Transporte Público de Galicia que, entre os seus programas, inclúe a implantación dunha serie de servizos de transporte á demanda na Comunidade Autónoma de Galicia.

A eses contratos de servizo correspóndelles tamén, nese sentido, entre outra documentación, a elaboración dos correspondentes Proxectos de explotación dos citados servizos de transporte, así como a análise e posta en marcha dos correspondentes servizos á demanda. Servizos de transporte previstos cunha duración de 10 anos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/01/2019 13:26:16**  
**Nº Rexistro: 44664**  
Data envío: 25/01/2019 13:26:16.681

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2019 13:26:10**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 40486**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“o coñecemento e a valoración do Goberno galego en relación coas conclusións da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Marítimos referidas ao incendio rexistrado no volanteiro "O Busi" en marzo de 2017, a formación que está a desenvolver en materia de prevención de accidentes no traballo no mar e as súas intencións respecto da realización dalgunha campaña ao respecto, así como o tipo de control que está a levar a cabo no que atinxe ás titulacións obrigatorias dos despachos e buques”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar, a través do Servizo de Gardacostas de Galicia, é coñecedora das conclusións da investigación da Comisión de Investigación de Accidentes e Incidentes Mariños, dependente do Ministerio de Fomento, sobre o incendio e posterior afundimento do pesqueiro ‘O Busi’ a dez millas ao noroeste da costa coruñesa de Cedeira, o pasado mes de marzo de 2017.

Este Departamento coñece a valoración realizada pola CIAIM, que tal como se recolle no informe, entende que as alarmas e detectores de incendios instalados na embarcación non operaron. A maiores, tamén é coñecedor da apreciación dunha grave falta de familiarización dos tripulantes cos procedementos e os sistemas contra incendios instalados no buque sinistrado. Para a CIAIM este feito evidencia que non se realizaban periodicamente exercicios contraincendios eficaces, circunstancia que provocou que a tripulación fora incapaz de avaliar adecuadamente a emerxencia e, por tanto, a inacción na loita contra o incendio.





Tal como menciona o informe da CIAIM, temos que lembrar a importancia de efectuar os preceptivos exercicios contraincendios, para familiarizarse cos equipos e procedementos a empregar nun incendio, tal como establece o artigo 16 do Anexo V do Real Decreto 543/2007.

Por outra banda, hai que ter en conta que é posible obter formación en seguridade dentro da programación de cursos que oferta a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, tanto no curso de mariñeiro pescador coma no de loita contra a contaminación.

Cómpre lembrar que apostamos decididamente pola formación, sendo actualmente unha área blindada, ampliando a oferta educativa e incrementando para o ano 2019 os fondos destinados a ensinanza marítima pesqueira. Isto fai que a cifra de suba acade un 12% no último trienio e nun 32% desde 2015.

Por último sinalar que o control, inspección e vixilancia neste eido corresponde ás Capitanías Marítimas, do mesmo xeito que as titulacións obrigatorias dos despachos de buques son competencia estatal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 21/01/2019 09:30:00**  
**Nº Rexistro: 44137**  
Data envío: 21/01/2019 09:16:26.591

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 21/01/2019 9:15:57**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 40628**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación co estado de conservación no que se atopa o acceso ao castro de Borneiro, no concello de Cabana de Bergantiños, a realización dalgún estudo doutras alternativas con anterioridade á construción con cemento do acceso ou da ponte de madeira flanqueada con bloques dese material sobre o chan, así como as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 391 do 29 de novembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“No mes de agosto de 2018 foi realizada unha visita ao Castro de Borneiro por parte de técnicos do Servizo de Arqueoloxía, considerándose nesa data que o estado de conservación dos accesos ao Castro de Borneiro (tanto na pasarela realizada para minusvalidos como nas escaleiras) atopase nun estado de conservación óptimo.

A obra non foi promovida pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, senón polo Concello de Cabana de Bergantiños, se ben o proxecto foi realizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e cedido ao Concello.

Esta actuación proxectouse con conciencia e con criterios profesionais, para adaptala as circunstancias orográficas, ambientais e de respecto ao lugar de ubicación. Este proxecto foi informado previamente de xeito favorable Pola Comisión Territorial da Coruña.

Respecto do uso do formigón coloreado, trátase dunha solución construtiva axeitada para garantir a accesibilidade en lugares con fortes pendentes en que a auga provoca polas escorrentías de xeito continuo a inutilización dos accesos. Responde pois a necesidade de dotar de funcionalidade, estabilidade e accesibilidade ao camiño. Como exemplo pódese indicar que o formigón coloreado foi utilizado tamén nos traballos que se realizaron non



camiños do Parque de Arte Rupreste de Campolameiro, dado que a forte pendente do terreo xunto coas choivas torrenciais producían fortes socavóns e inutilizaba os camiños. Na actualidade están perfectamente integrados no parque.

Cabe sinalar que o feito de que exista un camiño, implica que existe unha acción antrópica no ámbito e, xa que logo que existe a intención de acceder e comunicar ese ámbito no territorio. Polo tanto, se é necesario garantir o acceso con certa funcionalidade a un punto do territorio no que a propia orografía do lugar actúa en sentido contrario, pódense usar solucións construtivas que permitan garantir a estabilidade do trazado, buscando a integración no entorno a partir da definición de cores e acabados que permitan a integración cromática co lugar, por exemplo.

Consideramos que a actuación é axeitada tecnicamente e que para nada perturba o entorno do Ben Cultural do Castro de Borneiro, polo que non esta prevista ningunha actuación ao respecto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/01/2019 13:26:05**  
**Nº Rexistro: 44663**  
Data envío: 25/01/2019 13:26:05.353

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2019 13:26:02**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2019 13:41:29  
Nº Rexistro: 44525  
Data envío: 24/01/2019 13:41:29.213  
Data: 24/01/2019 13:41

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 40854**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións de Augas de Galicia referidas á autorización da eliminación de todas as captacións de auga para consumo humano na zona afectada polo proxecto de reapertura da mina de cobre no concello de Touro, o coñecemento dos resultados das analíticas desas captacións presentadas pola empresa promotora e as actuacións levadas a cabo ou previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Aguas de Galicia, en base ao ámbito de competencias que ten atribuído como organismo de conca, emitiu informe, datado o 7 de maio de 2018, en resposta á solicitude realizada a tal efecto pola Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Economía, Emprego e Industria-Servizo de Enerxía e Minas, de conformidade ao establecido no artigo 23 da Lei 3/2008, do 23 de maio, de Ordenación da Minaría de Galicia.

Nese informe Augas de Galicia reflectiu as captacións inscritas no ámbito de estudo e nas zonas máis próximas, solicitando, en base ao establecido no artigo 44 b) 2 da Normativa do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, un informe hidroxeolóxico xustificativo das posibles afeccións e instando, no caso de afectar a algunha captación de auga inscrita, como consecuencia das actuacións propostas no proxecto, á súa reposición. A este respecto cómpre lembrar que a inscrición rexistral, segundo se recolle no artigo 195 quáter do Regulamento do Dominio Público Hidráulico, considérase medio de proba da existencia e situación das concesións, así como dos dereitos recoñecidos no artigo 54 do Texto Refundido da Lei de Augas.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 3



Sinalar, ademais, que no ámbito da actuación, Augas de Galicia conta cunha serie de puntos de control de parámetros físico-químicos, químicos, biolóxicos e hidromorfolóxicos tanto para augas superficiais como subterráneas (químicos e cuantitativos). O detalle das frecuencias de mostraxe e os parámetros analizados en cada un dos diferentes programas de seguimento poden consultarse no Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2015-2021 aprobado por Real Decreto 11/2016 do 8 de xaneiro polo que se aproban os plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas de Galicia-Costa, das bacías mediterráneas andaluzas, do Guadalete-Barbate e do Tinto, Odiel e Piedras no seguinte link:

[https://augasdeg Galicia.xunta.gal/seccion-tema/c/Planificacion\\_hidroloxica?content=plan-hidroloxico-gc/seccion.html&sub=Subseccion\\_002/](https://augasdeg Galicia.xunta.gal/seccion-tema/c/Planificacion_hidroloxica?content=plan-hidroloxico-gc/seccion.html&sub=Subseccion_002/)

Segundo se establece na Directiva Marco da Auga (Directiva 2000/60/CE, de 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas), deberanse aplicar as medidas necesarias para previr o deterioro do estado de todas as masas de auga. Isto implica que ante a instalación dunha actividade con potencial impacto sobre as augas deben poñerse en marcha as medidas oportunas que garantan que non se excede a capacidade receptora do medio.

Neste sentido, no Plan Hidrolóxico de Galicia Costa 2015-2021 establécense, entre outras, as seguintes medidas:

- Plan de Control de Vertidos na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa (DHGC)
- Actuacións na rede de control de augas subterráneas na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa
- Mostraxe e análise de sustancias prioritarias nas matrices de sedimento e biota nos puntos de control incluídos na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa
- Redes de control de prepotables, tramos piscícolas, redes OSPAR e rede de pequenos encoros, no ámbito da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa
- Calidade ambiental para a análise e xestión das redes de vixilancia e operativas definidas no Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa
- Rede de aforos e control de calidade das augas



-Abastecemento e saneamento a zonas rurais

-Medidas agroambientais

-Actuacións de erradicación de especies exóticas invasoras

-Acondicionamento, mantemento e conservación do DPH na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:41:29**  
**Nº Rexistro: 44525**  
Data envío: 24/01/2019 13:41:29.213

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:41:25**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 40969** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Luís Villares Naveira e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos referidos aos controis da presenza de cianobacterias realizados no ano 2018 nos encoros da demarcación hidrográfica Galicia-Costa”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

*“Ao abeiro do programa de Seguimento e Control de cianobacterias -de forma coordinada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (a través do ROAGA-LMAG, Rede de Observación Ambiental de Galicia-Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia); por Augas de Galicia, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade; e pola Consellería de Sanidade-, durante o ano 2018 realizáronse controis periódicos nos encoros destinados de forma directa ou indirecta a abastecemento na Demarcación Galicia Costa e sometidos ao seguimento de cianobacterias.*

Os encoros, puntos de mostraxe, a frecuencia e os resultados do seguimento nos encoros de Galicia-Costa están á disposición de calquera persoa interesada, podéndose consultar a través do seguinte enlace:

<https://gaia.xunta.es/plataforma/temas/agua/roaga/seguimiento-embalses/protocolo>

Dentro do protocolo Seguimento e Control de cianobacterias diferéncianse dúas situacións: ‘Estado de normalidade’ (non existe proliferación e, polo tanto, non existe risco de toxicidade) e ‘Estado de Alerta’ (existencia de proliferación, aínda que non implica presenza de toxina).

A transición a ‘Estado de Alerta’ prodúcese nas seguintes situacións:

- a) Concentración de cianobacterias >2000 cel/ml en calquera dos puntos de captación directa existentes no sistema.
- b) Concentración de cianobacterias >50000 cel/ml nos encoros sen captación directa pero situados augas arriba das mesmas.



c) Por criterio de experto, independentemente de que non se alcancen os valores anteriores.

Seguindo estes criterios, a información sobre o estado de cada encoro está dispoñible a través do enlace antes mencionado.

Así mesmo, cando se producen cambios de estado en cada encoro comunícaselles aos concellos/xestores dos abastecementos, e á Consellería de Sanidade, sendo o dito organismo o que establece as actuacións aos xestores dos abastecementos de auga de consumo público que capten dun encoro con risco de crecemento de cianobacterias.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 2 de 2



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/01/2019 13:25:30**  
**Nº Rexistro: 44660**  
Data envío: 25/01/2019 13:25:30.259

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2019 13:25:27**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2019 13:40:46  
Nº Rexistro: 44520  
Data envío: 24/01/2019 13:40:46.745  
Data 24/01/2019 13:40

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 40981**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“as razóns da transferencia de crédito levada a cabo no mes de setembro de 2018, con cargo ao importe total da partida orza mentaria denominada “Axuda inicial a mozos e mozas pescadores” do programa 723A, con destino ao programa 723B de “Medidas de comercialización”, e as actuacións previstas polo Goberno galego para acadar o relevo xeracional no sector da pesca se elimina esas axudas”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No que se refire a partida ‘Axuda inicial a mozos e mozas pescadores’, trátase da axuda destinada á adquisición de embarcacións de ata 24 metros de eslora por mozos menores de 40 anos que cumpran unhas determinadas condicións.

Precisamente pola aplicación dos requisitos esixidos na normativa FEMP, nas convocatorias de 2016, 2017 e 2018 foi imposible conceder ningunha axuda neste ámbito por non cumprirse cos requisitos esixidos pola normativa do FEMP.

Por outro lado, a partida en cuestión só se pode adicar a unha determinada medida do FEMP, polo que non se pode deixar de lado os requisitos que esixe o FEMP. Neste momento, e grazas ás achegas de información realizadas por Galicia e á culminación do proceso de negociación coa Comisión Europea, o obstáculo para a concesión de axudas foi removido e poderanse convocar este tipo de axudas.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



En todo caso, e para non desaproveitar os fondos previamente asignados a esta medida, foron redistribuídos para outros conceptos, xa que non existen unha única medida para o relevo xeracional.

En todo caso, ninguén pode negar que o fortalecemento da competitividade da frota e da formación marítimo-pesqueira son retos polos que traballa este goberno da Xunta. Así, dende 2009 conseguiuase frear nun 64% a caída de traballadores do mar e a cifra de afiliados á Seguridade Social no Réxime Especial do Mar mantense estable (e mesmo á alza) desde xaneiro de 2015”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:40:46**  
**Nº Rexistro: 44520**  
Data envío: 24/01/2019 13:40:46.745

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:40:31**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





AG/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41120**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para pechar a Residencia Valle Inclán para persoas maiores no concello de Vilanova de Arousa, as alternativas que se lles vai ofrecer ás persoas usuarias e as actuacións previstas para evitar a perda dos actuais postos de traballo”**, (publicada no BOPG número 394 do 5 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A información proporcionouna o persoal inspector como resultado de diversas visitas de inspección realizadas á residencia unha vez que se recadaron datos suficientes e co rigor necesario como para facer presumir irregularidades na titularidade e xestión do centro. Todas as persoas usuarias da Residencia Valle Inclán ocupan prazas privadas. Non obstante, esta consellería está a colaborar, dentro do marco legal vixente, para que os usuarios da residencia que solicitaran e tiveran dereito a un recurso público, poidan ter acceso ao mesmo. A aqueles que cumprían os requisitos legalmente establecidos, xa se lles adxudicou praza pública a través do Programa de Asignación de Recursos.

Das prazas indicadas nas comunicacións enviadas aos familiares, -que non ofertadas ao tratarse de prazas privadas- había prazas na provincia de Pontevedra para máis de dous terzos do número de usuarios da residencia. Ao tratarse dun centro privado a Consellería de Política Social non ten competencias respecto á contratación do seu persoal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/01/2019 13:25:06**  
**Nº Rexistro: 44657**  
Data envío: 25/01/2019 13:25:06.384

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2019 13:25:00**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41166**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “ **o contido da circular remitida pola Consellería de Política Social aos centros dependentes dela en relación coa participación do persoal nos actos previstos co gallo da celebración o día 25 de novembro do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller**”, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que xestiona un total de 70 centros de día, residencias e vivendas comunitarias na comunidade autónoma, enviou nos días previos á celebración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller unha comunicación interna á dirección de todos os centros da súa rede para a coordinación con elas dos actos co gallo desa data.

O obxectivo dese correo electrónico era puramente organizativo, lembrándolles unicamente cal era a campaña institucional da Xunta de Galicia (organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade en coordinación con outros departamentos da Administración galega) xa que, como sucede todos os anos, estaban previstas unha serie de actividades cun mínimo común denominador para todos os centros que, como os dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, son de titularidade autonómica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2019 12:37:18**  
**Nº Rexistro: 44376**  
Data envío: 23/01/2019 12:37:18.000

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2019 12:37:14**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41213**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia referidas ao arranxo, namentres non entre en servizo o novo edificio, das carencias e deficiencias que presenta en materia de climatización e accesibilidade o Centro de Saúde de Escairón, a data estimada para a posta en funcionamento do novo centro e as súas intencións respecto da posibilidade de adaptar o actual a novos usos sociais, así como o incremento da dotación de medios humanos na Atención Primaria do concello do Saviñao”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade coñece a problemática do centro de saúde de Escairón polo que procedeu a planificar a construción dun novo centro ante a dificultade de poder reformar o centro existente.

No ano 2015, leváronse a cabo reparacións na cuberta e illamentos e exteriores do centro, así como diversas adaptacións interiores para conseguir unha sala de urxencias e mellorar aseos, arquivos e salas.

O centro de saúde do Saviñao foi licitado o 14/12/2018 cun prazo de execución de 12 meses.

O centro de saúde de Escairón é de titularidade municipal polo que debe ser o concello o que decida o seu uso unha vez queden liberadas as instalacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2019 12:37:09**  
**Nº Rexistro: 44375**  
Data envío: 23/01/2019 12:37:09.797

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2019 12:36:56**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/01/2019 12:36:51  
Nº Rexistro: 44374  
Data envío: 23/01/2019 12:36:51.250  
Data 23/01/2019 12:36

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41281**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a dispoñibilidade polo Servizo Galego de Saúde dos medios necesarios para garantir os dereitos das persoas enfermas terminais, así como a garantía polo Goberno galego na actualidade do cumprimento do disposto na Lei 5/2015”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Coa aprobación da Lei 5/2015, do 26 de xuño, de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, procedeuse a adaptar a composición da Comisión Galega de Coidados Paliativos, órgano asesor e consultivo nesta materia, procurando que estean representados e implicados dentro dela os axentes sanitarios e socio sanitarios que teñen relación, non só cos doentes terminais e as súas familias, senón tamén coas persoas con enfermidade avanzada e complexa.

A través do Decreto 181/2016, do 9 de decembro, polo que se modifica o Decreto 181/2010, do 21 de outubro, creouse a Comisión Galega de Coidados Paliativos.

O obxectivo desta composición é promover o dereito dos pacientes a recibir coidados paliativos integrais acorde coa súas necesidades e coordinados entre os diferentes profesionais.

Desde a aprobación da Lei 5/2015 do 26 de xuño, de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais, e de forma progresiva os hospitais do Servizo Galego de Saúde están adaptando as súas unidades de coidados paliativos ao establecido nela.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



A concepción dos coidados paliativos está a evolucionar cara a un modelo máis dinámico e integral, no que se compaxinan os tratamentos potencialmente curativos cos destinados a mellorar a calidade de vida. A atención paliativa é competencia de toda a rede sanitaria (atención primaria, atención hospitalaria, unidades de coidados paliativos e de hospitalización a domicilio), e non só dos dispositivos específicos de coidados paliativos.

Todos os pacientes que precisan de coidados paliativos son atendidos en función da necesidade. Para necesidades non complexas poden dispoñer dos recursos convencionais tanto de Atención Primaria como de Atención Hospitalaria, e cando se trate de pacientes con necesidades de atención paliativa considerada complexa disporán dos profesionais de recursos específicos de coidados paliativos.

Na nosa Comunidade existe unha rede de recursos na atención paliativa, unidades de coidados paliativos e unidades de hospitalización a domicilio, en todos os hospitais do Servizo Galego de Saúde.

O Servizo Galego de Saúde continúa a traballar a favor da atención paliativa dos galegos e galegas que o necesitan”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2019 12:36:51**  
**Nº Rexistro: 44374**  
Data envío: 23/01/2019 12:36:51.250

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2019 12:36:43**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 41321** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a apertura dun expediente disciplinario a un locutor da CRTVG p or compatibilizar o seu traballo no ente público con outros, así como as actuacións p revistas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio-Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión permanente non lexislativa de control da CRTVG do 27.12.2018- ao darlle resposta á pregunta 41320 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 25/01/2019 13:24:54**  
**Nº Rexistro: 44656**  
Data envío: 25/01/2019 13:24:54.977

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/01/2019 13:24:51**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41423**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a carta remitida pola Consellería de Política Social aos centros dependentes dela en relación coas actividades relacionadas coa celebración, o día 25 de novembro, do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social, a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que xestiona un total de 70 centros de día, residencias e vivendas comunitarias na comunidade autónoma, enviou nos días previos á celebración do Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller unha comunicación interna á dirección de todos os centros da súa rede para a coordinación con elas dos actos co gallo desa data.

O obxectivo dese correo electrónico era puramente organizativo, lembrándolles unicamente cal era a campaña institucional da Xunta de Galicia (organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade en coordinación con outros departamentos da Administración galega) xa que, como sucede todos os anos, estaban previstas unha serie de actividades cun mínimo común denominador para todos os centros que, como os dependentes do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, son de titularidade autonómica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2019 12:36:38**  
**Nº Rexistro: 44373**  
Data envío: 23/01/2019 12:36:38.563

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2019 12:36:21**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41562**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as razóns do Goberno galego para non incorporar ao acordo de desenvolvemento da carreira profesional do persoal do sistema sanitario de Galicia o persoal funcionario pertencente á escala de saúde pública e administración sanitaria, así como as súas previsións ao respecto”**, (publicada no BOPG número 400 do 18 de decembro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Acordo referido foi asinado o 6 de xullo de 2018 pola Administración Sanitaria e as organización sindicais CIG, CESM, UGT, CSIF e SATSE (Diario Oficial de Galicia do 30 de xullo de 2018). Trátase dun acordo da Mesa Sectorial que regula a carreira profesional do persoal das institucións sanitarias públicas de Galicia.

Non regula -porque non pode regular- a carreira profesional do persoal da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, xa sexa dos corpos de Administración xeral ou dos corpos de Administración especial, entre os que se inclúe o persoal funcionario da Escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria.

A Xunta de Galicia -a través da Dirección Xeral da Función Pública (Consellería de Facenda)- leva meses negociando, coas organizacións sindicais representativas, a carreira profesional doutros colectivos de empregados públicos, entre eles o persoal da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e, polo tanto, tamén a do persoal funcionario da Escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:40:25**  
**Nº Rexistro: 44519**  
Data envío: 24/01/2019 13:40:25.088

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:40:20**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2019 13:08:18  
Nº Rexistro: 44514  
Data envío: 24/01/2019 13:08:18.168  
Data 24/01/2019 13:08

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41615**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Luisa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego en relación coa posta en marcha dalgunha medida ou campaña de prevención da fertilidade feminina, as medidas que está a considerar para evitar o aumento do número de mulleres que despois de retrasar a súa maternidade se atopan con problemas de fertilidade e a súa opinión referida á información que posúen as mulleres galegas ao respecto, así como á suficiencia dos medios e número de centros que hai de reprodución asistida dependentes do Sergas e os prazos de atención ás pacientes neles, en especial para os tratamentos de fecundación in vitro”**, (publicada no BOPG número 400 do 18 de decembro de 2018), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A decisión da elección do momento da maternidade é unha opción persoal de cada muller.

As mulleres son informadas á requirimento das mesmas cando acoden aos centros de saúde sobre todos os aspectos relacionados coa fertilidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/01/2019 13:08:18**  
**Nº Rexistro: 44514**  
Data envío: 24/01/2019 13:08:18.168

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2019 13:08:09**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41791**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a valoración do Goberno galego referida á contratación no Sergas de unicamente 3 prazas de Psicoloxía clínica na última década, as súas razóns para non implantar este servizo na Atención Primaria e o prazo previsto para ese fin”**, (publicada no BOPG número 405 do 3 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O número de prazas convocadas de psicoloxía clínica nas últimas convocatorias de atención especializada foi de 12.

En todos os servizos de psiquiatría de Galicia, a atención aos trastornos mentais lévase a cabo na Unidade de Saúde Mental (da que forman parte psicólogos clínicos) que manteñen unha colaboración e coordinación con atención primaria garantindo a atención integral para os doentes con trastornos mentais.

Neste momento estase a levar a cabo por parte da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde un proceso de actualización do modelo integral de asistencia en Atención Primaria, tentando adaptar dito modelo ás necesidades actuais dos doentes. Para isto se está a traballar conxuntamente cos profesionais implicados nesta atención”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2019 12:36:16**  
**Nº Rexistro: 44372**  
Data envío: 23/01/2019 12:36:16.922

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2019 12:36:13**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 41796**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“a decisión da Xunta de Galicia de reorganizar a atención sanitaria do concello de Carballedo, as súas razóns para diminuír o número de profesionais de Medicina de Familia e non manter en funcionamento o consultorio de Castro, así como as novas formas de asistencia sanitaria que vai implantar nese concello”**, (publicada no BOPG número 405 do 3 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A actividade asistencial do Consultorio de Castro de Carballedo a partir de agora será prestada no centro de Saúde da Barrela.

A equidade na prestación sanitaria queda garantida e a accesibilidade dos seus usuarios para a cobertura sanitaria non se verá afectada xa que o Centro de Saúde da Barrela dista do Consultorio de Carballedo 3 km.

O edificio situado na Barrela é de recente construción (ano 2010), e conta con todas as melloras desde o punto de vista arquitectónico e técnico, o que vai permitir que mellore a confortabilidade e a comodidade para os usuarios e para os profesionais sanitarios.

A unificación do persoal nun só centro vai permitir unha mellor coordinación entre profesionais así como a mellora da atención aos pacientes, potenciando as visitas programadas tanto no Centro de Saúde como no domicilio. Neste sentido vaise potenciar tamén a coordinación no Concello (traballadora social, vehículos municipais para o desprazamento a domicilio programados, ...).”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2019 12:36:06**  
**Nº Rexistro: 44371**  
Data envío: 23/01/2019 12:36:06.219

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2019 12:35:45**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33661**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o peche da pesquería da sardiña para o arte do Xeito**”, (publicada no BOPG número 344 do 1 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 20 de setembro pola directora Xeral de Pesca Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, a través das iniciativas 33626 e 33660.

Pode consultar o arquivo audiovisual premendo a seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2018-09-20?part=89392630-7baf-450d-b5d0-4dbf321cc0c3&start=72>

A Consellería do Mar leva traballando dende o minuto un en establecer as medidas necesarias que permitan por un lado recuperar a situación do stock da Sardiña Ibérica, e por outro manter a actividade pesqueira da nosa frota de cerco e xeito que ten como especie obxectivo este peixe”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2019 12:01:55**  
**Nº Rexistro: 44298**  
Data envío: 22/01/2019 12:01:55.592

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 12:01:52**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33844** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “**o tratamento das augas residuais urbanas**”, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida en resposta á pregunta escrita número 33846, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, cuxa resposta foi publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 412, do 16 de xaneiro de 2019.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2019 12:01:38**  
**Nº Rexistro: 44295**  
Data envío: 22/01/2019 12:01:38.607

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 12:01:30**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvku-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/01/2019 12:39:22  
Nº Rexistro: 44385  
Data envío: 23/01/2019 12:39:22.109  
Data 23/01/2019 12:39

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33922**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o motivo polo que a Xunta de Galicia decidiu transformar as Casas da Xuventude en Espazos Emprende”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar cómpre aclarar que os Espazos Emprende non supoñen ningún tipo de transformación das Casas da Xuventude, actuais Espazos Xove.

Os Espazos Emprende son unha das iniciativas incluídas no proxecto ‘Catalizador de oportunidades de emprego e emprendemento xove transfronteirizo’ (acrónimo LIDERA), aprobado ao abeiro do programa Interreg V A España Portugal 2014-2020 (POCTEP), sendo o socio beneficiario principal do mesmo a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Por tanto, os Espazos Emprende son un recurso máis a disposición dos mozos e mozas no ámbito dos Espazos Xove, un recurso que lles pode axudar a impulsar os seus proxectos de inserción sociolaboral e converter deste xeito á xuventude no maior activo para o desenvolvemento local.

Trátase dun espazo máis dentro dos Espazos Xove que a xuventude poderá empregar para a realización de actividades, asesoramento ou accións relativas á empregabilidade ou ao emprendemento (asesoramento aos emprendedores na posta en marcha dos seus proxectos) e á ampliación, mellora e mantemento de iniciativas emprendedoras.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Con esta iniciativa preténdese establecer espazos de encontro, de coñecemento, de información e tamén de formación en habilidades, co obxectivo de fomentar a participación e o emprendemento da mocidade, formar en habilidades transversais, dotar aos mozos/as de ferramentas sinxelas que lles permitan mellorar e seguir avanzando no seu itinerario persoal e profesional, propiciar o liderado da xente moza, e proactivar cara á formación activa.

O Espazo Emprende en ningún caso ocupa a totalidade dos inmobles dos Espazos Xove senón só unha sala, ou dúas con carácter excepcional segundo a demanda dos mozos e mozas. Esta iniciativa en ningún momento substitúe e/ou anula a programación de actividades dos Espazos Xoves nin supón unha modificación do uso destes espazos; e tampouco interfere no funcionamento ordinario nin no desenvolvemento das actividades que se organizan neles.

Trátase, en definitiva, dun recurso máis a disposición dos mozos e mozas dentro do horario e funcionamento normal do Espazo Xove, un espazo no que poderán recibir asesoramento e formación, ben en grupo, ben de xeito individual, nos días e no horario establecido. Un recurso máis de apoio aos proxectos e actividades impulsadas e desenvoltas pola xuventude”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2019 12:39:22**  
**Nº Rexistro: 44385**  
Data envío: 23/01/2019 12:39:22.109

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/01/2019 12:39:14**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 22/01/2019 12:01:16  
Nº Rexistro: 44292  
Data envío: 22/01/2019 12:01:16.654  
Data 22/01/2019 12:01

RS/ms

n relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33945**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a consideración pola Xunta de Galicia sobre a suficiencia do número de puntos de encontro familiar que hai na nosa comunidade autónoma para levar a cabo visitas tuteladas e supervisadas”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise, que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas.

En 1999 abre as súas portas o punto de encontro familiar de Vigo con carácter experimental. No ano 2000 créase a Rede de puntos de encontro familiar de Galicia integrada por sete puntos de encontro, todos de titularidade da Xunta de Galicia: tres na provincia da Coruña, dous na provincia de Pontevedra, un na provincia de Lugo e outro na provincia de Ourense; concretamente están situados nas sete cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

As derivacións que se realizan son atendidas con total axilidade e na actualidade dos 690 casos derivados en toda Galicia só 12 se atopan en lista de agarda e se integrarán nos servizos dos PEF nas vindeiras semanas.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Con todo, actualmente se está estudando a posibilidade de ampliar a rede co fin de estendela no territorio e así dar cobertura a poboacións importantes cuxos habitantes teñan que desprazarse para o cumprimento do réxime de visitas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 22/01/2019 12:01:16**  
**Nº Rexistro: 44292**  
Data envío: 22/01/2019 12:01:16.654

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 22/01/2019 12:01:13**

CSV: BOPGDSPG-A10enRvKU-7  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/01/2019 13:43:11  
Nº Rexistro: 44535  
Data envío: 24/01/2019 13:43:11.307  
Data: 24/01/2019 13:43

RS/ms

